Sobre a situación do sector audiovisual en galego, os datos relativos ao número de espectadores nas salas de cine e as proxeccións realizadas, así como a implementación neste sector do Plan xeral de normalización lingüística

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21953 (10/POC-003549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia levou ou vai levar a cabo en relación coas actividades lesivas cara ao patrimonio do casco vello da cidade de Ourense para a canalización dos servizos de gas e electricidade

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21954 (10/POC-003550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as pinturas mural ao fresco situadas nas igrexas parroquiais de Labrada e dos Vilares, no concello de Guitiriz, e as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a súa conservación
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21955 (10/POC-003551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a extinción da titulación de Enxeñería Xeomática e Topografía impartida no Campus Terra de Lugo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21956 (10/POC-003552)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre o balance dos traballos realizados pola Comisión asesora de publicidade non sexista desde a súa posta en marcha en novembro de 2014

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21962 (10/POC-003553)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Casal Vidal, Francisco

Sobre o sector das industrias extractivas, enerxía, auga e residuos e os datos publicados na Estatística de Multilocalización Empresarial

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 21964 (10/POC-003554)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 5 máis

Sobre o reinicio da explotación da mina de San Rafael en Touro-O Pino e a necesidade de restauración dos danos ocasionados na anterior explotación

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 21965 (10/POC-003555)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre o Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía e a participación nel do Instituto Enerxético de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 21967 (10/POC-003556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da exclusión de Galicia na Rede Básica da Rede Trans-europea de Transportes para o período 2021-2027 e as xestións realizadas e pendentes de realizar para defender a inclusión de Galicia na dita rede

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 21972 (10/POC-003557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre a actividade e a situación de Elnosa

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 21974 (10/POC-003558)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os estudos de impacto realizados por Augas de Galicia acerca do transvasamento do río Verdugo ao encoro de Eiras e a posición do Goberno galego en relación coa vía de emerxencia do proxecto e o estudo de alternativas a el, así como a procura de medidas en relación cos problemas de abastecemento na demarcación hidrográfica Galicia Costa

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 21976 (10/POC-003559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o sistema de abastecemento de auga que utiliza a empresa Elnosa, o lugar onde capta a auga e a autorización para realizar a dita captación, así como a valoración do Goberno galego acerca do incremento previsto deste consumo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 21978 (10/POC-003560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o coñecemento da Xunta de Galicia da existencia de contaminación por lindano no concello do Porriño ou noutros concellos, os estudos realizados e as medidas adoptadas para a descontaminación e prevención, e se se prevé realizar novos estudos e actuacións

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 21980 (10/POC-003561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do estado do parque de Castiñeiras, situado nos concellos de Marín e Vilaboa, o cumprimento do convenio asinado e as posibles actuacións para a recuperación do dito parque

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 21997 (10/POC-003562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia do estado das negociacións para a venda do Centro Gallego de Buenos Aires e as propostas e medidas por parte da Xunta para garantir a titularidade galega do patrimonio cultural que se atopa no Centro e a súa protección e posta en valor

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21998 (10/POC-003563)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación na que se atopan os xulgados especiais de cláusulas chan e as medidas que ten previsto adoptar para facer fronte á carga de traballo que teñen

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 22001 (10/POC-003564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o estado de tramitación da denuncia presentada en relación co espectáculo taurino que tivo lugar en Moraña o 3 de setembro de 2017 e as consecuencias previstas pola Xunta en relación con eses feitos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 22006 (10/POC-003565)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as liñas de traballo, os obxectivos, o horizonte temporal co que se traballa e as accións que integrarán a Estratexia da Cultura de Galicia 2021

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22014 (10/POC-003566)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do procedemento seguido pola Alcaldía de Ponteceures respecto da petición de retirada dun símbolo da ditadura franquista dun espazo público municipal e as medidas que ten previsto adoptar para garantir o cumprimento da Lei 52/2007

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 22018 (10/POC-003567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a aplicación real do Código de Boas Prácticas Bancarias e os datos relativos á súa aplicación

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 22020 (10/POC-003568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a participación da Xunta de Galicia no financiamento dun evento deportivo no que a contía do premio é máis baixa na categoría feminina ca na masculina

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Galicia é a Comunidade con menor cifra relativa de policía nacionais e gardas civís e a que máis funcionarios ten perdido (entre xullo de 2010 e 2016, un descenso do 8,3 %, que sextuplica a redución de persoal xeral en toda España nese mesmo período, o 1,4 %). Perda semellante existe en soldos e salarios.

A referencia á crise económica sérvelle ao Goberno galego para xustificar a redución e conxelación dos soldos e salarios dos funcionarios públicos e traballadores. A crise chegou para se quedar como argumento totalizador fronte ás pretensións de mellora dos soldos e salarios, pese ás declaracións do Goberno destacando a recuperación económica. A diferenza salarial entre as Policía do Estado Español constitúe unha evidente incoherencia e está distanciada claramente das retribucións dos Mossos d'Esquadra, da Policía Foral e da Ertzaintza, ademais da conxelación salarial dende 2010.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os motivos polos que o Goberno galego se ampara na crise como argumento totalizador fronte ás pretensións de mellora dos soldos e salarios das policía?
2. Comparte o Goberno da diferenza salarial entre as Policía do Estado Español?
3. Comparte o Goberno as reivindicacións dos policía nacionais e dos gardas civís?

 Grupo Parlamentario

4. Vai demandar o Goberno galego ao Goberno do Estado a progresiva equiparación salarial dos policías nacionais e gardas civís con outros corpos policiaais, de tal forma que no ano 2020 se acade a equiparación total?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 21 de decembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/12/2017 10:33:13

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/12/2017 10:33:18

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/12/2017 10:33:23

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Existe unha imaxe común en moitos dos patios de recreo dos espazos escolares de Galicia.

Eles xogando a fútbol na pista, que ocupa o espazo máis grande e case sempre o centro. Elas na periferia xogando ás chapas, ás palmas, ao pilla pilla, á comba, bailando ou paseando. A radiografía dos patios escolares é claramente machista: os nenos soen ocupar a parte central do mesmo, no que se dá protagonismo ao fútbol, como actividade estrela, mentres que nas beiras e recantos é frecuente que estean as nenas.

O resultado é que eles dominan o espazo coas únicas excepcións daqueles aos que non lles gusta este deporte e as (poucas) nenas que o practican nos recreos.

Sobre esta realidade levan tempo chamando a atención colectivos de urbanistas con perspectiva de xénero, que desde fai algúns anos fan un traballo conxunto con colexios e institucións para darlle a volta á disposición do patio.

Cuestión que pon de manifesto que o urbanismo non é nin neutro nin casual, reproduce as desigualdades e, no caso dos patios, está limitado pola normativa dos colexios. Ó final o que se dá é unha clara xerarquía de sexo e idade. Dominan os nenos e os máis maiores sobre os pequenos.

Grupo Parlamentario

De feito o informe “Los patios de las escuelas: espacios de oportunidades educativas” calcula que o alumnado pasa unhas 525 horas ao ano neste espazo. Conclúe como é un reflexo das normas sociais, ao mesmo tempo que as reproduce e as alimenta. Nos di cal é o noso papel, o noso rol e os nosos límites. Por iso un patio máis equitativo debe dar lugar á diversidade non só permitindo outras opcións, senón ofrecéndoas.

Existindo experiencias xa desenroladas no ámbito español, se constata que as inversións son mínimas, moitas veces resoltas cun simple repintado dos chans, novos firmes, inclusión de pequenos equipamentos deportivos ou de mobiliario urbano, e todo dentro dun novo plan de xestión do uso coordinado coa comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).

O Parlamento de Galicia aprobou este ano en comisión unha iniciativa para impulsar a obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, desde o deseño, a participación, a planificación e a execución, ata a avaliación e o seguimento.

Por ser, o ámbito escolar, un dos que primeiramente inflúe na formación dos nenos e nenas, por ser o espazo idóneo para mellorar as relacións interxénero, interxeneracionais e interculturais dende a infancia, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tendo sido aprobado no ano 2017 en Comisión parlamentaria o impulso da obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, e en coherencia co I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, entende este Goberno a necesidade de aplicar nos ámbitos escolares de forma preferente as primeiras accións de adecuación de espazos con perspectiva de xénero?
2. Considera que é o patio dos espazos escolares o lugar onde se pode traballar de forma máis efectiva e dende a coeducación, a igualdade e a mellora das relacións interxénero, interxeneracionais e interculturais?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Ten realizado este Goberno, e neste senso, algún tipo de acción de cara a favorecer que os patios dos centros escolares sexan eses espazos idóneos para a mellora deste tipo de relacións?
4. Comparte a idea de que a formación en igualdade na aula ten que ir da man da súa aplicación práctica na xestión dos espazos, usos e promoción da mellora das relacións entre nenos e nenas, así como entre diferentes xeracións e culturas?
5. Tendo en conta que as obras necesarias de adecuación dos patios dos centros escolares galegos, se estiman en xeral de pouca envergadura, sendo necesario en moitos casos a simple redacción dun plan de xestión do uso deses espazos, apoiaría este Goberno a redacción, posta en marcha e financiación dun Plan de adecuación dos patios dos centros educativos para conseguir eses espazos de relación coeducativos?

Pazo do Parlamento, 21 de decembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 22/12/2017 13:49:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/12/2017 13:49:19



 Grupo Parlamentario

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/12/2017 13:49:23

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/12/2017 13:49:28

María de la Concepción Burgo López na data 22/12/2017 13:49:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/12/2017 13:49:35

Raúl Fernández Fernández na data 22/12/2017 13:49:43

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Existe unha imaxe común en moitos dos patios de recreo dos espazos escolares de Galicia.

Eles xogando a fútbol na pista, que ocupa o espazo máis grande e case sempre o centro. Elas na periferia xogando ás chapas, ás palmas, ao pilla pilla, á comba, bailando ou paseando. A radiografía dos patios escolares é claramente machista: os nenos soen ocupar a parte central do mesmo, no que se dá protagonismo ao fútbol, como actividade estrela, mentres que nas beiras e recantos é frecuente que estean as nenas.

O resultado é que eles dominan o espazo coas únicas excepcións daqueles aos que non lles gusta este deporte e as (poucas) nenas que o practican nos recreos.

Sobre esta realidade levan tempo chamando a atención colectivos de urbanistas con perspectiva de xénero, que desde fai algúns anos fan un traballo conxunto con colexios e institucións para darlle a volta á disposición do patio.

Cuestión que pon de manifesto que o urbanismo non é nin neutro nin casual, reproduce as desigualdades e, no caso dos patios, está limitado pola normativa dos colexios. Ó final o que se dá é unha clara xerarquía de sexo e idade. Dominan os nenos e os máis maiores sobre os pequenos.

Grupo Parlamentario

De feito o informe “Los patios de las escuelas: espacios de oportunidades educativas” calcula que o alumnado pasa unhas 525 horas ao ano neste espazo. Conclúe como é un reflexo das normas sociais, ao mesmo tempo que as reproduce e as alimenta. Nos di cal é o noso papel, o noso rol e os nosos límites. Por iso un patio máis equitativo debe dar lugar á diversidade non só permitindo outras opcións, senón ofrecéndoas.

Existindo experiencias xa desenroladas no ámbito español, se constata que as inversións son mínimas, moitas veces resoltas cun simple repintado dos chans, novos firmes, inclusión de pequenos equipamentos deportivos ou de mobiliario urbano, e todo dentro dun novo plan de xestión do uso coordinado coa comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).

O Parlamento de Galicia aprobou este ano en comisión unha iniciativa para impulsar a obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, desde o deseño, a participación, a planificación e a execución, ata a avaliación e o seguimento.

Por ser, o ámbito escolar, un dos que primeiramente inflúe na formación dos nenos e nenas, por ser o espazo idóneo para mellorar as relacións interxénero, interxeneracionais e interculturais dende a infancia, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tendo sido aprobado no ano 2017 en Comisión parlamentaria o impulso da obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, e en coherencia co I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, entende este Goberno a necesidade de aplicar nos ámbitos escolares de forma preferente as primeiras accións de adecuación de espazos con perspectiva de xénero?
2. Considera que é o patio dos espazos escolares o lugar onde se pode traballar de forma máis efectiva e dende a coeducación, a igualdade e a mellora das relacións interxénero, interxeneracionais e interculturais?

3. Ten realizado este Goberno, e neste senso, algún tipo de acción de cara a favorecer que os patios dos centros escolares sexan eses espazos idóneos para a mellora deste tipo de relacións?
4. Comparte a idea de que a formación en igualdade na aula ten que ir da man da súa aplicación práctica na xestión dos espazos, usos e promoción da mellora das relacións entre nenos e nenas, así como entre diferentes xeracións e culturas?
5. Tendo en conta que as obras necesarias de adecuación dos patios dos centros escolares galegos, se estiman en xeral de pouca envergadura, sendo necesario en moitos casos a simple redacción dun plan de xestión do uso deses espazos, apoiaría este Goberno a redacción, posta en marcha e financiación dun Plan de adecuación dos patios dos centros educativos para conseguir eses espazos de relación coeducativos?

Pazo do Parlamento, 21 de decembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 22/12/2017 13:49:55

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/12/2017 13:50:01



 Grupo Parlamentario

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/12/2017 13:50:06

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/12/2017 13:50:44

María de la Concepción Burgo López na data 22/12/2017 13:50:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/12/2017 13:50:53

Raúl Fernández Fernández na data 22/12/2017 13:50:59

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Existe unha imaxe común en moitos dos patios de recreo dos espazos escolares de Galicia.

Eles xogando a fútbol na pista, que ocupa o espazo máis grande e case sempre o centro. Elas na periferia xogando ás chapas, ás palmas, ao pilla pilla, á comba, bailando ou paseando. A radiografía dos patios escolares é claramente machista: os nenos soen ocupar a parte central do mesmo, no que se dá protagonismo ao fútbol, como actividade estrela, mentres que nas beiras e recantos é frecuente que estean as nenas.

O resultado é que eles dominan o espazo coas únicas excepcións daqueles aos que non lles gusta este deporte e as (poucas) nenas que o practican nos recreos.

Sobre esta realidade levan tempo chamando a atención colectivos de urbanistas con perspectiva de xénero, que desde fai algúns anos fan un traballo conxunto con colexios e institucións para darlle a volta á disposición do patio.

Cuestión que pon de manifesto que o urbanismo non é nin neutro nin casual, reproduce as desigualdades e, no caso dos patios, está limitado pola normativa dos colexios. Ó final o que se dá é unha clara xerarquía de sexo e idade. Dominan os nenos e os máis maiores sobre os pequenos.

De feito o informe “Los patios de las escuelas: espacios de oportunidades educativas” calcula que o alumnado pasa unhas 525

Grupo Parlamentario

horas ao ano neste espazo. Conclúe como é un reflexo das normas sociais, ao mesmo tempo que as reproduce e as alimenta. Nos di cal é o noso papel, o noso rol e os nosos límites. Por iso un patio máis equitativo debe dar lugar á diversidade non só permitindo outras opcións, senón ofrecéndoas.

Existindo experiencias xa desenroladas no ámbito español, se constata que as inversións son mínimas, moitas veces resoltas cun simple repintado dos chans, novos firmes, inclusión de pequenos equipamentos deportivos ou de mobiliario urbano, e todo dentro dun novo plan de xestión do uso coordinado coa comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).

O Parlamento de Galicia aprobou este ano en comisión unha iniciativa para impulsar a obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, desde o deseño, a participación, a planificación e a execución, ata a avaliación e o seguimento.

Por ser, o ámbito escolar, un dos que primeiramente inflúe na formación dos nenos e nenas, por ser o espazo idóneo para mellorar as relacións interxénero, interxeneracionais e interculturais dende a infancia, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tendo sido aprobado no ano 2017 en Comisión parlamentaria o impulso da obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, e en coherencia co I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, entende este Goberno a necesidade de aplicar nos ámbitos escolares de forma preferente as primeiras accións de adecuación de espazos con perspectiva de xénero?
2. Considera que é o patio dos espazos escolares o lugar onde se pode traballar de forma máis efectiva e dende a coeducación, a igualdade e a mellora das relacións interxénero, interxeneracionais e interculturais?

 Grupo Parlamentario

3. Ten realizado este Goberno, e neste senso, algún tipo de acción de cara a favorecer que os patios dos centros escolares sexan eses espazos idóneos para a mellora deste tipo de relacións?
4. Comparte a idea de que a formación en igualdade na aula ten que ir da man da súa aplicación práctica na xestión dos espazos, usos e promoción da mellora das relacións entre nenos e nenas, así como entre diferentes xeracións e culturas?
5. Tendo en conta que as obras necesarias de adecuación dos patios dos centros escolares galegos, se estiman en xeral de pouca envergadura, sendo necesario en moitos casos a simple redacción dun plan de xestión do uso deses espazos, apoiaría este Goberno a redacción, posta en marcha e financiación dun Plan de adecuación dos patios dos centros educativos para conseguir eses espazos de relación coeducativos?

Pazo do Parlamento, 21 de decembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 22/12/2017 13:51:20

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/12/2017 13:51:29



Grupo Parlamentario

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/12/2017 13:51:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/12/2017 13:51:42

María de la Concepción Burgo López na data 22/12/2017 13:51:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/12/2017 13:51:49

Raúl Fernández Fernández na data 22/12/2017 13:51:52

A Mesa do Parlamento

Silvestre Balseiros Guinarte, José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

No ámbito forestal, Galicia ocupa un lugar esencial. E, sen lugar a dúbidas, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa, (entre as 9 de maior trascendencia. A superficie forestal arbolada representa o 48 % da totalidade da Comunidade Autónoma, superando 1.400.000 hectáreas e cunha alta produción de madeira, acadando preto do 50 % da produción nacional. Máis de 3.000 empresas desenvolven a súa actividade no sector da madeira, cunha facturación aproximada ós 2.000 millóns de euros e que da emprego a algo máis de 80.000 traballadores en Galicia.

Esta é a razón pola que o incremento da masa arbolada en cantidade e calidade convertese nun obxectivo básico, non sómente do sector forestal en particular, senón da sociedade galega do século XXI no seu conxunto, garantindo o aproveitamento continuado dos recursos forestais, especificamente da madeira, que segue sendo, nestes momentos, o segundo produto deficitario na Unión Europea –tralo enerxético–, o que pode supoñer unha vía de ordenación territorial que posibilite un freo ó abandono sistemático das explotacións do rural de Galicia e permita, a través do desenvolvemento de explotacións e industrias forestais, a fixación da poboación, evitando o despoboamento e a crise demográfica que está lacrando o mundo rural galego.

Coa aprobación da Lei 7/2.012 de 28 de Xuño de Montes de Galicia, perseguíase entre outras iniciativas, facilitar ós propietarios de montes o manexo sostible dos recursos, aportando solucións para a consecución de terreos con posibilidade dunha adecuada xestión técnica e tratando de superar as limitacións do minifundio a través de sociedades de fomento forestal e outros instrumentos que permitan unha adecuada xestión en común do monte.

Con tal obxectivo prevíase unha estrutura normativa cun marco xurídico que simplificara os medios necesarios para o seu cumprimento, que permitira unha maior axilidade ó conxunto do sector con novos instrumentos de ordenación e xestión forestal e simplificara, así mesmo, o procedemento de autorización. Todo isto coa necesaria seguridade xurídica, tanto para los propietarios como para aqueles que operen no sector, ordenando os aproveitamentos forestais con criterios técnicos, de tal xeito que

permitira optimizar as distintas actividades forestais sen menoscabo dos dereitos dos propietarios y dos intereses colectivos da sociedade.

En canto a esta materia de planificación, na citada lei, articúlase, baixo o criterio da simplificación e a redución, os instrumentos de planificación que se estiman necesarios ós efectos de articular unha política forestal que satisfaga as necesidades da nosa comunidade, e que se cifran no Plan Forestal de Galicia, ó que se dota de eficacia vinculante, e os plans de ordenación de recursos forestais, cuxa tramitación e contido se regula de forma exhaustiva.

En materia de ordenación, regúlanse as instrucións xerais para a ordenación dos montes e os instrumentos de ordenación e xestión forestal, cun contido e estrutura que se axustan ás necesidades dos propietarios, simplificándose ó máximo no caso de titulares de fincas forestais de escasas dimensións, ós efectos de compatibilizar unha economía da xestión coa necesidade de ordenación do monte en Galicia. Con este fin regúlanse as figuras dos proxectos de ordenación e os de nova creación, documentos simples e documentos compartidos de xestión. Trátase de potenciar, a figura do propietario e do empresario forestal, de forma que as esixencias administrativas non constitúan, en ningún caso, un obstáculo, senón unha axuda á produción e explotación forestal.

A Lei de Montes de Galicia tamén se centra na cadea monte-industria, o que subliña a importancia que a administración lle concede, creándose para iso unha Mesa da Madeira así como o Rexistro de Empresas do Sector Forestal. Regúlase o comercio responsable de produtos forestais, así como a certificación forestal, que a Comunidade Autónoma de Galicia trata de fomentar, por entender que a sostenibilidade do monte, en todos os seus ámbitos –medioambiental, social e económico–, constitúe un principio básico de actuación na súa política forestal e como fundamento para garantir a trazabilidade dos produtos forestais galegos.

Factores clave en toda política pública, da que a forestal, loxicamente, non podía ser allea, son a educación, a divulgación e a investigación, que na antes dita lei de montes están presentes de forma contundente, particularmente en canto á transferencia dos seus resultados ós axentes do sector forestal, procurando a xeración de sinerxías nese ámbito.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son os beneficios que ten experimentado o monte galego trala entrada en vigor da Lei de Montes de 2.012 e da súa normativa de desenvolvemento?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Silvestre Balseiros Guinarte na data 26/12/2017 12:20:30

José González Vázquez na data 26/12/2017 12:20:38

Raquel Arias Rodríguez na data 26/12/2017 12:20:47

Moisés Blanco Paradelo na data 26/12/2017 12:20:55

Carlos Gómez Salgado na data 26/12/2017 12:21:01

Daniel Vega Pérez na data 26/12/2017 12:21:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/12/2017 12:21:20

Á Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Contra o que adoita afirmar a oposición, que acusa ao goberno de “propaganda” en cada un dos proxectos legislativos que trae a este Parlamento, a actividade legislativa da Xunta ten sido especialmente prolífica e certa na anterior legislatura.

De feito, a pasada legislatura foi a segunda da historia de Galicia na que máis leis se teñen aprobado (55), mais isto veu acompañado dun esforzo considerable de racionalización e integración normativa, pois por vez primeira vez o número de leis vixentes ao final da legislatura foi inferior ao existente ao seu comezo. Aprobáronse tamén as primeiras Directrices de Técnica Normativa de Galicia, para unificar os criterios de redacción de toda a lexislación galega.

As prioridades temáticas da acción legislativa da Xunta de Galicia nestes catro anos teñen sido, fundamentalmente, tres: a reactivación económica, a mellora do benestar social e a racionalización en todos os sentidos, tanto no territorial como no de estruturas administrativas ou servizos públicos.

Outra prioridade, neste caso xa dende o punto de vista técnico e de autogoberno foi a substitución e modernización de textos con máis de 20 anos de antigüidade. Reduciuse nunha vintena o número de leis con máis de 25 anos de antigüidade que se manteñen vixentes en Galicia. Hoxe temos, en consecuencia, un mapa normativo fondamente renovado.

Pero para dispoñer dun ordenamento xurídico completo, claro e operativo son claves tres aspectos: poucas leis pero modernas e ben desenvolvidas e concretadas.

En consecuencia, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos cuestionar á Xunta de Galicia sobre a efectividade real das normas aprobadas na pasada legislatura.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que resultados ten dado ata o de agora a aplicación da Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 26/12/2017 12:32:13

Maria Antón Vilasánchez na data 26/12/2017 12:32:23

María Isabel Novo Fariña na data 26/12/2017 12:32:31

Marta Novoa Iglesias na data 26/12/2017 12:32:43

Cristina Isabel Romero Fernández na data 26/12/2017 12:32:51

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/12/2017 12:33:00

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/12/2017 12:33:07

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Moisés Rodríguez Pérez, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Martín Fernández Prado e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O Goberno galego convocou, por medio da orde de 11 de agosto de 2016, as axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do SUG, cofinanciadas polo Feder, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, para o exercicio 2016.

Esta actuación permite financiar a investigación de excelencia nas estruturas de investigación supragrupais do SUG (centros singulares de investigación e agrupacións estratéxicas) reforzando a súa capacidade de investigación e posicionamento internacional. Na Estratexia de especialización intelixente (RIS 3) deseñada para Galicia propónse a concentración dos recursos de coñecemento dispoñibles no contexto rexional para poder competir nun contexto global.

Con respecto a isto, os diferentes plans de investigación da Xunta de Galicia, así como os seus instrumentos financeiros, veñen recoñecendo a importancia dunha investigación interdisciplinar de excelencia e de alto impacto, que xorde como consecuencia da agregación das capacidades de diferentes grupos de investigación e do fomento da investigación cooperativa entre eles, en ámbitos e estruturas organizativas ben definidas co obxecto de asumir novos retos e aumentar a capacidade competitiva.

A finalidade desta convocatoria é dobre: por unha banda realiza unha avaliación que permite recoñecer a capacidade tractora das unidades de investigación e, por outra, outorga axudas para o desenvolvemento dun programa de investigación co obxectivo de fortalecer as súas capacidades e liderado.

As axudas concédense en función dunha serie de criterios que, de forma obxectiva, valoran a calidade científico-técnica, capacidade e características destas unidades e dos seus proxectos estratéxicos de investigación en consonancia cos retos estratéxicos contidos na RIS3 Galicia, e tamén co esquema de Unión Europea reflectido no

Programa marco de investigación, desenvolvemento e innovación horizonte 2020, co fin de procurar, nun prazo medio e longo, a obtención de retornos sociais.

Por medio de resolución do 24 de novembro de 2016, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ven de conceder, ao abeiro desta orde de 11 de agosto de 2016, as axudas ás universidades do SUG para a acreditación, estruturación e mellora de centros singulares de investigación de Galicia e agrupacións estratéxicas consolidadas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué resultados se agarda que acheguen os centros singulares de investigación e agrupacións estratéxicas tanto á universidade galega coma á sociedade en xeral?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2017 10:13:51

Maria Antón Vilasánchez na data 27/12/2017 10:13:55

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2017 10:14:02

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/12/2017 10:14:14

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 10:14:24

Carlos Enrique López Crespo na data 27/12/2017 10:14:34

Martín Fernández Prado na data 27/12/2017 10:14:50

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2017 10:15:03

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desenvolve de forma permanente e continuada, a través dos seus distintos departamentos, iniciativas que teñen como finalidade avanzar no obxectivo xeral de favorecer o achegamento á lectura -como fonte de acceso á cultura, á información e ao coñecemento- entre todos os sectores da nosa poboación, dun xeito o máis lúdico e participativo posible.

As feiras do libro son unha importante ferramenta para achegar á cidadanía as novidades editoriais no marco dun contexto de ocio no que maiores e pequenos poden atopar actividades e lecturas do seu interese. Asemade, estes eventos culturais favorecen a aproximación da sociedade en xeral ao mundo do libro e supoñen unha peza chave na dinamización da lectura.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é o balance do calendario de Feiras do Libro de Galicia a celebrar en 2017?
2. Cal é o balance da presenza de Galicia este ano nas diferentes feiras do libro que se celebran a nivel internacional?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2017 10:18:04

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2017 10:18:12

Maria Antón Vilasánchez na data 27/12/2017 10:18:23

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 10:18:29

Carlos Enrique López Crespo na data 27/12/2017 10:18:38

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2017 10:18:46

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/12/2017 10:18:55

Martín Fernández Prado na data 27/12/2017 10:19:02

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O sector do libro é fundamental para impulsar o desenvolvemento de toda sociedade e para garantir o acceso á cultura, á información e ao coñecemento por parte da nosa cidadanía.

Nun escenario de enormes dificultades para todos os sectores culturais, é preciso que a Xunta continúe a desenvolver unha estratexia de apoio ao libro e a literatura galega coordinada e coherente coa realidade e coas necesidades actuais do sector en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Sobre que piores está a fundamentar o Goberno galego as súas políticas de apoio ao libro e a literatura galega?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2017 10:21:34

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2017 10:21:40

María Antón Vilasánchez na data 27/12/2017 10:21:49

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 10:21:55

Carlos Enrique López Crespo na data 27/12/2017 10:22:04

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2017 10:22:13

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/12/2017 10:22:22

Martín Fernández Prado na data 27/12/2017 10:22:31

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Ao longo destes últimos anos a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración con diversas institucións de dentro e fóra de Galicia, desenvolveu unha relevante programación cultural para conmemorar aquelas efemérides e datas máis sinaladas que cada ano se celebran arredor da cultura galega, tratando de recuperar o labor e o legado dalgunhas das súas principais figuras e contribuíndo á difusión social dos máis relevantes fitos culturais da nosa historia.

Ao abeiro destas programacións, nestes anos tense contribuído, por exemplo, a ampliar a difusión da obra ou do legado de figuras tan senlleiras como Rosalía de Castro, Luís Seoane, Gonzalo Torrente Ballester, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Celso Emilio Ferreiro, Frei Rosendo Salvado, Álvaro Cunqueiro, Francisco Asorey, Víctor Said Armesto Ramón de Valenzuela, Miguel González Garcés ou Ramón María del Valle-Inclán (por mencionar só a algúns deles), sempre co gallo da conmemoración de aniversarios significativos relacionados con acontecementos relevantes da súa vida ou obra.

A estas programacións específicas se suma, ademais, o programa cultural que cada ano se realiza para o recoñecemento conxunto da figura á que a Real Academia Galega acorda dedicarlle o Día das Letras Galegas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións está a promover a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria orientadas a apoiar o coñecemento e a valoración social das principais figuras ou fitas relacionadas coa cultura galega que se conmemoran nestes anos?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2017 10:24:38

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2017 10:24:44

Maria Antón Vilasánchez na data 27/12/2017 10:24:52

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 10:24:57

Carlos Enrique López Crespo na data 27/12/2017 10:25:07

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2017 10:25:14

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/12/2017 10:25:22

Martín Fernández Prado na data 27/12/2017 10:25:31

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O fomento da lectura, como vehículo fundamental para a adquisición de coñecementos e como fonte de lecer, así como a conformación de hábitos lectores entre a nosa cidadanía -moi especialmente entre as xeracións máis novas-, constitúen unha tarefa común de toda a sociedade na que teñen un papel fundamental as institucións culturais e educativas, así como as propias familias, debendo constituír tamén unha das áreas prioritarias no ámbito das políticas de acción cultural.

Neste sentido, no que respecta ás competencias da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a aposta realizada ao longo dos últimos anos por este departamento da Xunta de Galicia a prol do reforzo do papel da lectura en todos os estratos que conforman a nosa sociedade, ten o seu claro reflexo en toda unha serie de programas e actividades destinadas a achegarlle aos nosos cidadáns e cidadás o libro galego dunha forma o máis atractiva e lúdica posible, co fin de impulsar o hábito da lectura en Galicia e crear novos lectores e lectoras.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Sobre que eixes fundamentais está a xirar a aposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria polo fomento e a dinamización da Lectura no noso territorio?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2017 10:27:33

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2017 10:27:40

María Antón Vilasánchez na data 27/12/2017 10:27:50

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 10:27:56

Carlos Enrique López Crespo na data 27/12/2017 10:28:04

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2017 10:28:11

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/12/2017 10:28:20

Martín Fernández Prado na data 27/12/2017 10:28:27

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A finais do pasado período de sesións, o Parlamento Galego aprobou a lei de actuacións de apoio ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da lei 1/2017 do 8 de febreiro de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2017.

Con esta norma, puideron poñerse a disposición do goberno galego fondos adicionais para executar obras de mellora en centros educativos, mellorando deste xeito a realidade cotiá de moitos centros da rede de centros do ensino público galego.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En qué actuacións se concretan as dotacións derivadas da recente aprobación da lei de actuacións de apoio ao crecemento económico e reforzo do gasto social no que se refire ás intervencións en infraestruturas educativas?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2017 10:30:32

María Antón Vilasánchez na data 27/12/2017 10:30:39

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2017 10:30:46

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 10:30:54

Carlos Enrique López Crespo na data 27/12/2017 10:31:02

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2017 10:31:12

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/12/2017 10:31:22

Martín Fernández Prado na data 27/12/2017 10:31:30

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A finais do pasado curso 2015-2016 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, levou a cabo un importante número de obras en centros educativos ao abeiro do Plan de Dotación de Infraestruturas Educativas 2016-2020 e dos recursos obtidos a través do Fondo de Superávit de Responsabilidade, co que o Goberno central recompensou á nosa Comunidade por ter cumprido o obxectivo de déficit.

Esta actuación puxo de manifesto, dunha banda, o carácter positivo de cumprir coas obrigas de déficit, que foi compensado con estes fondos adicionais e, doutra banda, o compromiso do goberno galego coa mellora dos centros de ensino públicos de Galicia, e por extensión, coa mellora do ensino público galego.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que proxectos se desenvolveron en Galicia no eido educativo cos fondos derivados do denominado “superavit de responsabilidade”?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2017 10:33:19

María Antón Vilasánchez na data 27/12/2017 10:33:26

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2017 10:33:32

De feito, a pasada lexislatura foi a segunda da historia de Galicia na que máis leis se teñen aprobado (55), mais isto veu acompañado dun esforzo considerable de racionalización e integración normativa, pois por vez primeira vez o número de leis vixentes ao final da lexislatura foi inferior ao existente ao seu comezo. Aprobáronse tamén as primeiras Directrices de Técnica Normativa de Galicia, para unificar os criterios de redacción de toda a lexislación galega.

As prioridades temáticas da acción lexislativa da Xunta de Galicia nestes catro anos teñen sido, fundamentalmente, tres: a reactivación económica, a mellora do benestar social e a racionalización en todos os sentidos, tanto no territorial como no de estruturas administrativas ou servizos públicos.

Outra prioridade, neste caso xa dende o punto de vista técnico e de autogoberno foi a substitución e modernización de textos con máis de 20 anos de antigüidade. Reduciuse nunha vintena o número de leis con máis de 25 anos de antigüidade que se manteñen vixentes en Galicia. Hoxe temos, en consecuencia, un mapa normativo fundamente renovado.

Pero para dispoñer dun ordenamento xurídico completo, claro e operativo son claves tres aspectos: poucas leis pero modernas e ben desenvolvidas e concretadas.

En consecuencia, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos cuestionar á Xunta de Galicia sobre a efectividade real das normas aprobadas na pasada lexislatura.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que resultados ten dado ata o de agora a aplicación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 27/12/2017 13:50:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2017 13:50:24

Raquel Arias Rodríguez na data 27/12/2017 13:50:30

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2017 13:50:39

Moisés Blanco Paradelo na data 27/12/2017 13:50:46

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 13:50:52

Daniel Vega Pérez na data 27/12/2017 13:51:01

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O fomento da produción de castañas en terreos forestais conforma unha das liñas de actuación fixadas como prioritarias polo Goberno galego para a presente lexislatura.

Esta aposta polo castaño e a castaña está sustentada e avalada polo recoñecemento do valor que, dende o punto de vista cultural, económico, social e ecolóxico, ten na nosa Comunidade Autónoma tanto esta árbore como o seu froito.

Deste xeito, en aras de acadar unha xestión sustentable dos nosos montes, poñendo especial incidencia nas masa de frondosas caducifolias en xeral e de xeito particular dos castaños, son varias as liñas de axuda e promoción que está a desenvolver o Goberno galego para poñer en valor e mesmo incrementar este cultivo.

Xunto a elo, o Goberno galego anunciou ao inicio desta lexislatura a súa intención de impulsar a creación do Centro de Certificación do Castiñeiro.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. En que fase se atopa a posta en marcha do Centro de Certificación do Castiñeiro?
2. Cales son as previsións que manexa o Goberno sobre os beneficios que se poden derivar da posta en funcionamento do Centro de Certificación do Castiñeiro dende o punto de visto económico pero tamén como elemento dinamizador no incremento da superficie dedicada á plantación de castaños?.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 27/12/2017 13:51:57

José González Vázquez na data 27/12/2017 13:52:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2017 13:52:16

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2017 13:52:23

Moisés Blanco Paradelo na data 27/12/2017 13:52:29

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 13:52:38

Daniel Vega Pérez na data 27/12/2017 13:52:47

A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Galicia é unha das comunidades autónomas que conta con maior número de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, o que supón unha oportunidade para a modernización e o crecemento do sector elaborador.

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en setembro de 2016, o avance nas marcas e distintivos de calidade figuraba como punto destacado e, en concreto, facíase referencia a “Seguir desenvolvendo as Indicacións Xeográficas actualmente iniciadas” entre as que se mencionaba expresamente a IXP Ribeiras do Morrazo.

Despois das eleccións, a Xunta cumpriu ese compromiso electoral ata o punto de que a colleita de 2017 será a primeira que poida producirse e comercializarse baixo este selo de calidade.

E isto é así porque dende o pasado mes de marzo, despois de terse publicado a orde pertinente no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, habilitouse a protección nacional transitoria que permite operar baixo este selo no mercado nacional.

Esta nova IXP aglutina aos concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Vilaboa, Pontevedra, Poio e Redondela, que contan con algo máis de 2.300 hectáreas de viñado.

Os viños protexidos son brancos e tintos cunha gradación mínima de 11,5 e 10,0 % Vol., respectivamente. E as uvas, variedades brancas albariño, caíño branco, godello, loureira, treixadura, branco lexítimo e torrontés; e tintas, brancellao, caíño tinto, pedral, espadeiro, loureiro tinto, mencia e sousón.

En relación con este asunto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego dos resultados da recente creación da Indicación Xeográfica Protexida Ribeiras do Morrazo?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 27/12/2017 13:53:48

José González Vázquez na data 27/12/2017 13:54:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2017 13:54:14

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2017 13:54:21

Moisés Blanco Paradelo na data 27/12/2017 13:54:28

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 13:54:36

Daniel Vega Pérez na data 27/12/2017 13:54:45

A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Contar cunha indicación xeográfica protexida ou unha denominación de orixe permite o desenvolvemento e consolidación da industria alimentaria da zona afectada. Contribúe substancialmente ademais a xerar riqueza e mesmo a dinamizala dende o punto de vista social e cultural.

Ata tal punto que en Galicia, que é unha das comunidades autónomas que conta con máis selos de calidade, 30.000 produtores e case 900 industrias traballan baixo o seu amparo. E a súa importancia económica é tal que o volume de negocio deste tipo de produción certificada ronda os 350 millóns de euros.

No que respecta ao sector da carne de vacún, Galicia ocupa un lugar salientable en España, dado que o 15 por cento da carne que se produce no Estado procede da nosa comunidade autónoma. O selo 'Ternera galega', vixente dende 1994, é hoxe un exemplo de consolidación e recoñecemento no mercado dentro e fóra de Galicia.

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en setembro de 2016, o avance nas marcas e distintivos de calidade figuraba como punto destacado e, en concreto, facíase referencia a "Seguir desenvolvendo as Indicacións Xeográficas actualmente iniciadas" entre as que se mencionaba expresamente a IXP Vaca e Boi galegos.

Dende xuño deste ano e co fin de poñer en valor a produción de vacas e bois galegos púxose en marcha unha IXP que, ao contar coa protección nacional transitoria, permite a comercialización de vacas e bois baixo este selo de calidade no ámbito nacional.

En relación con este asunto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego dos resultados da recente creación da Indicación Xeográfica Protexida Vaca e Boi de Galicia e da súa tramitación?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 27/12/2017 13:57:01

José González Vázquez na data 27/12/2017 13:57:11

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2017 13:57:18

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2017 13:57:25

Moisés Blanco Paradelo na data 27/12/2017 13:57:33

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 13:57:40

Daniel Vega Pérez na data 27/12/2017 13:57:48

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Conscientes da importancia do sector lácteo para a economía galega, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos interesarnos sobre o traballo que desenvolveu a Xunta de Galicia en prol de incrementar o consumo de leite entre os consumidores.

Nas explotacións galegas prodúcese un leite de excelente calidade motivado por unha mellora xenética importante, a suma de condicións xeográficas e un manexo excepcional das vacas.

Desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario a aposta pola promoción e o consumo dos produtos agroalimentarios galegos e, neste caso concreto, do leite galego.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que programas desenvolve a Xunta de Galicia para incrementar o consumo de leite entre os consumidores?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 27/12/2017 14:01:18

José González Vázquez na data 27/12/2017 14:01:23

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2017 14:01:33

Raquel Arias Rodríguez na data 27/12/2017 14:01:40

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2017 14:01:47

Moisés Blanco Paradelo na data 27/12/2017 14:01:53

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 14:01:59

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario que o Goberno galego explique as medidas que está a adoptar para incrementar o consumo de leite nos centros de ensino.

Sabendo da importancia que ten para a saúde o consumo de produtos lácteos, cremos necesario que se leven a cabo campañas de divulgación e promoción do consumo de leite e produtos lácteos entre a xente máis moza do noso país.

Neste senso, a curto prazo é necesario potenciar o consumo destes produtos entre os nenos e a mocidade e, a longo prazo, crear hábitos alimenticios saudables de cara o seu futuro.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que programas desenvolve a Xunta de Galicia para incrementar o consumo de leite nos centros de ensino?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Daniel Vega Pérez na data 27/12/2017 14:04:05

José González Vázquez na data 27/12/2017 14:04:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2017 14:04:22

Raquel Arias Rodríguez na data 27/12/2017 14:04:33

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2017 14:04:50

Moisés Blanco Paradelo na data 27/12/2017 14:04:57

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 14:05:04

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos preguntar polas razas autóctonas galegas avícola, ovica/cabrúa, bovina, equina e porcina. O feito de ter razas autóctonas é importantísimo para o noso rural xa que aporta unha valor engadido a eses produtos no momento da súa comercialización.

En Galicia, contamos con 10 razas autóctonas das especies nomeadas anteriormente que son a galiña de Mos, a ovella galega, a vaca cachena, a vaca caldelá, a vaca frieiresa, a vaca limiá, a vaca vianes, a vaca rubia galega, o cabalo pura raza galega e o porco celta.

No senso de potenciar as razas autóctonas ten unha vital importancia a xenética para seguir avanzando e mellorando a cabana gandeira da nosa comunidade e, polo tanto, tamén a das razas autóctonas. Así, é necesario destacar e por en valor o traballo que está a realizar Xenética Fontao para a mellora xenética das razas autóctonas galegas.

Por outra banda, tamén queremos poñer de relevancia as axudas que a Xunta de Galicia está a conceder aos gandeiros e a colaboración da administración autonómica coas asociacións que defenden e loitan polas razas autóctonas.

É un compromiso que este grupo adquiriu ante a cidadanía galega a través do programa electoral co que obtivo a súa confianza maioritaria en setembro de 2016, no que se recollía expresamente que *“Continuaremos co fomento do emprego das razas*

autóctonas, tratando de incrementar os seus censos, seguir a valorizalas como sistema de produción diferenciada fomentando o seu uso comercial como vía de subsistencia das ganderías e promovendo os produtos obtidos”.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que está a facer a Xunta de Galicia para acadar un incremento dos censos das razas autóctonas galegas?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 27/12/2017 14:06:54

José González Vázquez na data 27/12/2017 14:07:04

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2017 14:07:11

Raquel Arias Rodríguez na data 27/12/2017 14:07:17

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2017 14:07:23

Moisés Blanco Paradelo na data 27/12/2017 14:07:30

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 14:07:36

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos interesarnos polo sector agrario galego e querémolo facer desde o punto de vista da transformación, pilar fundamental para garantir o futuro da gandería como sector prioritario para a economía galega e, así, avanzar e apostar decididamente no noso rural.

Así, a transformación dos produtos agrarios é un dos eixos fundamentais para crear postos de traballo no rural e, polo tanto, garante a viabilidade para que se poda vivir do mesmo.

Hoxe en día podemos falar de industrias producindo gran cantidade de leite cunha calidade excepcional para a súa venta en líquido pero nós temos como obxectivo seguir a impulsar a transformación en derivados lácteos.

Pero tamén é fundamental a transformación dos produtos cárnicos, a viticultura e os produtos da horta galega.

Polo tanto, desde este Grupo Parlamentario estamos a interesarnos pola transformación dos produtos agrarios galegos desde unha perspectiva global.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia das axudas a proxectos de transformación de produtos agrarios concedidas nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 27/12/2017 14:09:22

José González Vázquez na data 27/12/2017 14:09:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2017 14:09:41

Raquel Arias Rodríguez na data 27/12/2017 14:09:47

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2017 14:09:54

Moisés Blanco Paradelo na data 27/12/2017 14:10:00

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 14:10:07

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Aurelio Núñez Centeno, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Nos últimos anos, a Xunta de Galicia vén facendo un grande esforzo para seguir avanzando na vertebración do territorio e contribuíndo á unha maior competitividade e á igualdade de oportunidades dos galegos.

A pesar das dificultades derivadas da crise económica, na pasada legislatura o Goberno galego foi quen de continuar desenvolvendo vías de altas prestacións, incrementando en máis dun 66% a rede de alta capacidade con respecto ao ano 2009: 120 novos quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe, que permiten que o 80% da poboación se atope actualmente a menos de 15 minutos dunha vía de alta capacidade.

Un dos maiores exemplos deste avance témolo na Autovía da Costa da Morte, posta en servizo o 29 de xullo do pasado ano. 27 novos quilómetros libres de peaxe (25 quilómetros de autovía entre Carballo e Baio e 2 quilómetros da variante de Baio), que supoñen unha transformación nas comunicacións dunha comarca na que habitan 120.000 persoas, e incide na mellora da calidade de vida e benestar de todos os veciños da zona, máis alá dos cinco concellos polos que discorre o trazado. Con esta nova infraestrutura, a Xunta daba continuidade á vía de altas prestacións existente e facíao na zona de maior tráfico, xa que Carballo é o núcleo de maior poboación e o centro de actividades administrativas da comarca.

Unha vez que o treito principal da autovía da Costa da Morte xa está en servizo desde o pasado verán, cómpre agora que o Goberno galego continúe traballando e dando os pasos necesarios que permitan acometer a prolongación da conexión ata o concello de Vimianzo, nunha primeira fase, tal e como ten comprometido o propio presidente da Xunta, continuando así a aposta pola vertebración das comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego da posta en servizo da Autovía da Costa da Morte ?
2. Que previsións manexa a Xunta de Galicia para dar continuidade á Autovía da Costa da Morte?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 27/12/2017 14:23:26

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/12/2017 14:23:43

Jaime Castiñeira Broz na data 27/12/2017 14:24:18

Marta Novoa Iglesias na data 27/12/2017 14:24:27

Gonzalo Trenor López na data 27/12/2017 14:24:42

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/12/2017 14:26:19

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/12/2017 14:27:13

Jacobo Moreira Ferro na data 27/12/2017 14:28:08

Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Como xa se dixo en múltiples ocasións e así o está a demostrar o Goberno galego coas políticas que vén implementando, a actual ten que ser a lexislatura do sector primario e, polo tanto, do rural.

É necesario que o rural sexa un lugar atractivo para vivir o que permitirá o asentamento de poboación e a creación de industria.

Así, unha das cuestións prioritarias para facer do rural un lugar no que a xente desenvolva os seus proxectos de vida é que conte cunhas infraestruturas e comunicacións en condicións óptimas e que as súas vilas, pobos e aldeas estean perfectamente conectados coas autoestradas do seu contorno.

Neste eido, é preciso pór de manifesto a aposta decidida por parte da Xunta de Galicia para que os concellos máis rurais contén cunhas vías de comunicación nun perfecto estado.

Así, ante o exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

- Cales son os prazos previstos na execución das obras da estrada LU-124 no seu tramo Lindín-Cruz da Cancela?

-En que consisten as ditas obras?

-Cal é a dotación orzamentaria asignada para esta actuación?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Daniel Vega Pérez na data 28/12/2017 09:51:05

Martín Fernández Prado na data 28/12/2017 09:51:16

Jaime Castiñeira Broz na data 28/12/2017 09:51:30

Jacobo Moreira Ferro na data 28/12/2017 09:51:45

Marta Novoa Iglesias na data 28/12/2017 09:52:04

María Julia Rodríguez Barreira na data 28/12/2017 09:52:38

Gonzalo Trenor López na data 28/12/2017 09:52:54

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/12/2017 09:53:08

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Diego Calvo Pouso, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A vía Ártabra é unha vía fundamental para a área metropolitana da Coruña e nese sentido o Goberno da Xunta puxo en servizo dous treitos da vía Ártabra (7,96 km de tronco máis 1,78 km da variante de Oleiros e 42 M€) en plena crise e recesión económica.

A conexión da Vía Ártabra coa AP-9 é imprescindible para o completo funcionamento desta vía de altas prestacións, para garantir os movementos dos concellos de Oleiros, Sada e Cambre cara a Coruña e viceversa.

Por elo, a Xunta de Galicia está a facer todo o posible para levar adiante esta infraestrutura, desenvolvendo a única opción posible de conexión coa AP-9, e mantendo para una fase posterior a súa conexión coa autovía A-6.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte **Pregunta Oral para a súa resposta en Comisión:**

-Cales son as razóns polas que a Xunta de Galicia aposta pola conexión da AP-9 coa vía Ártabra no enlace da Gándara?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 28/12/2017 10:43:32

Jaime Castiñeira Broz na data 28/12/2017 10:43:53

Marta Novoa Iglesias na data 28/12/2017 10:44:02

Diego Calvo Pouso na data 28/12/2017 10:44:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Gonzalo Trenor López na data 28/12/2017 10:44:47

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/12/2017 10:44:58

María Julia Rodríguez Barreira na data 28/12/2017 10:45:10

Jacobo Moreira Ferro na data 28/12/2017 10:45:24

Á Mesa do Parlamento

Marta Novoa Iglesias, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Antonio Mouriño Villar, Cristina Romero Fernández, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral en Comisión 2ª, Ordenación territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, é o máis antigo de Galicia, e ademais é a principal área industrial da provincia de Ourense, formada por máis de 350 empresas e que conta con 8.000 empregos directos. Por él circulan diariamente máis de 20.000 vehículos diarios, dos que preto de 5.000 son de tráfico pesado.

O aumento experimentado nos últimos anos tanto na actividade como na demanda de tráfico de mercancías e persoas no Polígono de San Cibrao das Viñas, fai necesaria a realización de infraestruturas que garanticen a competitividade das empresas radicadas no Polígono, constituindo así unha prioridade conectalo coa autovía Madrid-Vigo para reducir o tempo e os costes, unha intervención fundamental tanto para as empresas que xa se encontran no Polígono coma as que esté por vir.

Ademais non só favorecerá ao Polígono de San Cibrao das Viñas, senón que tamén se verá beneficiado o Parque Tecnolóxico de Galicia, situado no mesmo Concello, e o Polígono de Pereiro de Aguiar que linda co de San Cibrao.

Esta infraestructura, ven a reforzar a aposta do Goberno Galego, por mellorar as comunicacións de forma responsable, eficiente e sustentable, axudando a reforzar a competitividade do territorio e contribuíndo a activación dos motores da recuperación do emprego.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

-En qué situación se atopa o proxecto de execución do viario de acceso ao polígono de San Cibrao coa A-52?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Marta Novoa Iglesias na data 28/12/2017 11:05:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Jaime Castiñeira Broz na data 28/12/2017 11:07:25

Martín Fernández Prado na data 28/12/2017 11:07:34

Antonio Mouriño Villar na data 28/12/2017 11:07:54

Cristina Isabel Romero Fernández na data 28/12/2017 11:08:09

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 28/12/2017 11:08:22

María Julia Rodríguez Barreira na data 28/12/2017 11:08:37

Gonzalo Trenor López na data 28/12/2017 11:09:02

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/12/2017 11:09:16

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Martín Fernández Prado, Guadalupe Murillo Solís, Marta Novoa Iglesias, Diego Calvo López, Jaime Castiñeira Broz, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, María Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A Xunta de Galicia destinou para este ano 2017, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, un total de 10,5 millóns de euros ao Plan de Sendas de Galicia. Para a comarca de Pontevedra a planificación global está contida na Estratexia en materia de mobilidade alternativa para a comarca de Pontevedra.

No mes de xuño deste ano licitouse o contrato de servizo para a redacción dos proxectos de construción de 13 sendas peonís e ciclistas na comarca de Pontevedra e concellos limítrofes.

Estas actuacións, que levará a cabo a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), serán cofinanciadas polo Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, e están enmarcadas na segunda fase do Plan de Sendas de Galicia, co obxectivo de incrementar a seguridade de peóns e ciclistas, posto que son os usuarios máis vulnerables das estradas, e promover a mobilidade sustentable.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Oraís en Comisión:**

- 1.- En qué estado se atopa a tramitación do contrato para a redacción dos proxectos de construción do Plan de Sendas na comarca de Pontevedra?
- 2.- Cal é o calendario previsto para o inicio das obras?
- 3.- Cal é o investimento previsto para estes proxectos?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Jacobo Moreira Ferro na data 28/12/2017 11:14:39

Martín Fernández Prado na data 28/12/2017 11:14:58

María Guadalupe Murillo Solís na data 28/12/2017 11:15:55

Marta Novoa Iglesias na data 28/12/2017 11:16:03

Diego Calvo Pouso na data 28/12/2017 11:16:20

Jaime Castiñeira Broz na data 28/12/2017 11:16:36

María Isabel Novo Fariña na data 28/12/2017 11:16:44

César Manuel Fernández Gil na data 28/12/2017 11:16:59

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/12/2017 11:17:17

María Julia Rodríguez Barreira na data 28/12/2017 11:17:27

Gonzalo Trenor López na data 28/12/2017 11:17:37

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/12/2017 11:17:58

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Diego Calvo Pouso, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Nos últimos anos, a rede de estradas en xeral e autonómica en particular, veu véndose incrementada de xeito progresivo para acadar o obxectivo de mellorar a vertebración do territorio galego, mellorar a seguridade viaria por estrada e permitir que a maior parte da poboación teña unha vía de alta capacidade próxima ao seu ámbito.

A Rede de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia está formada polas estradas cuxo itinerario discorre integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que non son de titularidade do Estado ou doutros organismos. Esta rede autonómica está clasificada en diversas categorías: rede primaria básica, rede primaria complementaria e rede secundaria.

A rede básica que está formada por os grandes eixos que, xunto ca rede de interese xeral do Estado, vertebran o territorio, o conectan ca rede de estradas das comunidades autónomas veciñas e relacionan entre si tanto os grandes centros de poboación como os principais lugares de actividade económica comprende as autopistas, autovías e vías de alta capacidade autonómicas. Estas últimas teñen una importante transcendencia na vertebración de importantes comarcas galegas co conxunto do sistema, e polo tanto construíronse algunhas novas nos últimos anos.

A apertura destas novas vías ou a mellora das existentes, require tempos de maduración para que a poboación as coñeza e as incorpore aos seus hábitos de mobilidade, cara a valoración destas accións, os parlamentarios asinantes plantean a seguinte, **Pregunta Oral para a súa resposta en Comisión:**

-Cal é a evolución do tráfico da rede autonómica de estradas?

E, en particular, Canto tráfico están rexistrando as vías de alta capacidade postas en funcionamento nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Martín Fernández Prado na data 28/12/2017 11:24:02

Jaime Castiñeira Broz na data 28/12/2017 11:24:20

Marta Novoa Iglesias na data 28/12/2017 11:24:33

Gonzalo Trenor López na data 28/12/2017 11:24:45

Diego Calvo Pouso na data 28/12/2017 11:24:54

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/12/2017 11:25:05

María Julia Rodríguez Barreira na data 28/12/2017 11:25:15

Jacobo Moreira Ferro na data 28/12/2017 11:25:29

Á Mesa do Parlamento

María Julia Rodríguez Barreira, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Encarna Amigo Díaz ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A Xunta de Galicia é titular dun importante número de estradas, que, non sendo titularidade do Estado ou doutros organismos, discorren polo territorio da Comunidade. Un patrimonio viario que hai que conservar e preservar e que precisa dun importante esforzo investidor, toda vez que son miles os quilómetros de estradas galegas que precisan de conservación ordinaria para evitar o seu deterioro, pero tamén de actuacións extraordinarias de mellora dos seus elementos e da súa seguridade, e mesmo de actuacións puntuais que permitan a circulación en condicións óptimas.

Mais aló desas obras de carácter extraordinario e puntual, a conservación permanente das estradas non só permite que estean en bo estado para unha maior seguridade e mellor servizo aos usuarios, senón que, ademais, impide que se produza unha maior degradación das vías, que encarecería e dificultaría máis a súa reparación. O Plan de Reforzo de Firms que se está a acometer dá boa conta da importancia desas tarefas de conservación.

Porén, os miles de quilómetros de estradas autonómicas que debe conservar a Xunta de Galicia, e o elevado custo anual por quilómetro da súa conservación, obriga a establecer unha orde de prioridades das actuacións.

O programa electoral co que o Partido Popular de Galicia acadou a confianza maioritaria dos galegos nas eleccións autonómicas de 2016 recollía un compromiso especialmente intenso, tanto en traballo como en investimento.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Que actuacións desenvolve de xeito cotián a Xunta de Galicia en materia de conservación das estradas e cales son as súas prioridades de actuación?
2. Que balance pode facer o Goberno galego ao respecto do Plan de Reforzos de Firme?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodriguez Barreira na data 28/12/2017 11:53:44

Jaime Castiñeira Broz na data 28/12/2017 11:54:03

Martín Fernández Prado na data 28/12/2017 11:54:11

Jacobo Moreira Ferro na data 28/12/2017 11:54:23

Diego Calvo Pouso na data 28/12/2017 11:54:41

Marta Novoa Iglesias na data 28/12/2017 11:54:51

Gonzalo Trenor López na data 28/12/2017 11:55:12

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/12/2017 11:55:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/12/2017 11:55:33

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Nuñez Centeno, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O Executivo galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, está a desenvolver un ambicioso Plan de Sendas en distintas comarcas galegas. Trátase dun plan que concreta a construción, ao longo de distintas fases, de 170 novos quilómetros de novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe en distintas estradas autonómicas. Un compromiso que foi recollido no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria do pobo galego e que está a efectivizarse con actuacións concretas dende o goberno.

O Plan de Sendas de Galicia prevé todo un conxunto de actuacións planificadas sobre sete comarcas de Galicia entre elas a Comarca de Bergantiños, encamiñadas a reforzar a seguridade viaria de peóns e ciclistas e a ofrecerlle aos cidadáns modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular. Un plan que, estamos convencidos, está a supoñer unha mellora substancial no reforzo da seguridade viaria nas estradas autonómicas que son obxecto de actuacións e que redundará tamén no incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas da Comarca de Bergantiños, na que a Xunta ten anunciado a construción de 7 novas sendas, con máis de 10 km de actuacións en concellos como Carballo, A Laracha, Laxe ou Cabana.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- En que estado de desenvolvemento se atopan as distintas fases do Plan de Sendas da Comarca de Bergantiños?
- Que actuacións concretas se están a desenvolver actualmente no marco do Plan de Sendas de Galicia na Comarca de Bergantiños?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/12/2017 12:24:30

Martín Fernández Prado na data 28/12/2017 12:27:47

Jaime Castiñeira Broz na data 28/12/2017 12:28:08

Marta Novoa Iglesias na data 28/12/2017 12:28:54

Gonzalo Trenor López na data 28/12/2017 12:29:07

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/12/2017 12:29:15

María Julia Rodríguez Barreira na data 28/12/2017 12:29:27

Jacobo Moreira Ferro na data 28/12/2017 12:29:49

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O Executivo galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, está a desenvolver un ambicioso Plan de Sendas en distintas comarcas galegas. Trátase dun plan que concreta a construción, ao longo de distintas fases, de 170 novos quilómetros de novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe en distintas estradas autonómicas. Un compromiso que foi recollido no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria do pobo galego e que está a efectivizarse con actuacións concretas dende o goberno.

O Plan de Sendas de Galicia prevé todo un conxunto de actuacións planificadas sobre sete comarcas de Galicia entre elas a Comarca de Vigo, encamiñadas a reforzar a seguridade viaria de peóns e ciclistas e a ofrecerlle aos cidadáns modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular. Un plan que, estamos convencidos, está a supoñer unha mellora substancial no reforzo da seguridade viaria nas estradas autonómicas que son obxecto de actuacións e que redundará tamén no incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas da Comarca de Vigo, na que a Xunta ten anunciado a execución de aproximadamente 12,5 quilómetros de novas sendas, en concellos como Baiona, Porriño, Mos, Nigrán ou Gondomar.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

-En que estado de desenvolvemento se atopan as distintas fases do Plan de Sendas da Comarca de Vigo ?

-Que actuacións concretas se están a desenvolver actualmente no marco do Plan de Sendas de Galicia na Comarca de Vigo?.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 28/12/2017 12:34:56

María Ángeles Garcia Míguez na data 28/12/2017 12:35:32

Alberto Pazos Couñago na data 28/12/2017 12:35:41

Martín Fernández Prado na data 28/12/2017 12:35:54

Diego Calvo Pouso na data 28/12/2017 12:36:15

Jaime Castiñeira Broz na data 28/12/2017 12:36:25

Marta Novoa Iglesias na data 28/12/2017 12:36:37

Gonzalo Trenor López na data 28/12/2017 12:36:53

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/12/2017 12:37:12

María Julia Rodríguez Barreira na data 28/12/2017 12:37:33

Jacobo Moreira Ferro na data 28/12/2017 12:37:45

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O Executivo galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, está a desenvolver un ambicioso Plan de Sendas en distintas comarcas galegas. Trátase dun plan que concreta a construción, ao longo de distintas fases, de 170 novos quilómetros de novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe en distintas estradas autonómicas. Un compromiso que foi recollido no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria do pobo galego e que está a efectivizarse con actuacións concretas dende o goberno.

O Plan de Sendas de Galicia prevé todo un conxunto de actuacións planificadas sobre o conxunto do territorio da Comunidade, encamiñadas a reforzar a seguridade viaria de peóns e ciclistas e a ofrecerlle aos cidadáns modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

Un plan que, estamos convencidos, está a supoñer unha mellora substancial no reforzo da seguridade viaria nas estradas autonómicas que son obxecto de actuacións e que redundará tamén no incremento da calidade de vida de todos os galegos.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- En que estado de desenvolvemento se atopan as distintas fases do Plan de Sendas de Galicia?
- Que actuacións concretas se están a desenvolver actualmente no marco do Plan de Sendas de Galicia?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 28/12/2017 12:41:50

Jaime Castiñeira Broz na data 28/12/2017 12:42:13

Marta Novoa Iglesias na data 28/12/2017 12:42:21

Gonzalo Trenor López na data 28/12/2017 12:42:35

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/12/2017 12:42:45

María Julia Rodríguez Barreira na data 28/12/2017 12:42:57

Jacobo Moreira Ferro na data 28/12/2017 12:43:39

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

A Xunta de Galicia está a executar os investimentos necesarios para facer realidade o desdoubramento do Corredor do Morrazo, co fin de materializar a súa conversión en autovía desta infraestrutura, que se considera esencial e prioritaria para o reforzo da seguridade viaria e a mellora da mobilidade de todos os veciños do Morrazo.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda destinará a esta autovía un investimento global de 55 millóns de euros e reserva nos Orzamentos de 2018 unha partida de 12,8 millóns de euros, a maior dotación orzamentaria dedicada a unha infraestrutura viaria no presente exercicio.

O acometemento de actuacións desta entidade leva, indefectiblemente, aparelladas molestias para os usuarios da infraestrutura, polo que resulta imprescindible realizar unha axeitada planificación dos traballos que minimize, en tempo e intensidade, esas incomodidades.

Ademais, estas obras de ampliación estanse a levar a cabo de forma compatible coa importante escavación arqueolóxica que a Xunta de Galicia levou a cabo na área do Castro de Montealegre, minimizando a afección ao castro.

Por todo o anteriormente exposto, e co obxectivo de que os veciños de toda a comarca dispoñan da información necesaria sobre a situación das obras e a definitiva posta en funcionamento desta autovía libre de peaxe, chamada a vertebrar a mobilidade no Morrazo, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son as previsións en relación coa execución da Autovía do Morrazo, para a posta en servizo de cada un dos treitos?
2. Cal é a situación ao respecto do Castro de Montealegre?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/12/2017 13:05:04

Jaime Castiñeira Broz na data 28/12/2017 13:05:22

Martín Fernández Prado na data 28/12/2017 13:05:30

Jacobo Moreira Ferro na data 28/12/2017 13:05:50

Marta Novoa Iglesias na data 28/12/2017 13:06:56

María Julia Rodríguez Barreira na data 28/12/2017 13:07:29

Gonzalo Trenor López na data 28/12/2017 13:07:42

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/12/2017 13:07:51

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Abel Fermín Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación dos traballadores de *Maderas Iglesias S.A.*, con instalacións no Porriño e Mos é cada vez máis complicada, sometidos a unha grande incerteza sobre o futuro dos seus postos de traballo.

Hai máis de dous meses, o día 17 de outubro, este Parlamento aprobou no seu Pleno por unanimidade unha proposición non de lei que instaba ao Goberno galego a *Facer xestións ante a propiedade de Maderas Iglesias S.A. coa finalidade de procurar a viabilidade e a continuidade da empresa, velar polos dereitos laborais e polo mantemento do emprego.*

Tendo en conta que pasados máis de seis meses, continúa a ameaza de peche sobre os traballadores, se cabe con maior intensidade e premura. Ameaza, que ante un emprego fortemente feminizado, ten un dobre impacto, o impacto do propio desemprego, e o impacto das obxectivas dificultades para acadar novo emprego para estas mulleres.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É consciente a Xunta de Galicia do problema social e laboral que arrastra dende hai anos a empresa *Maderas Iglesias S.A.*?

2ª) É consciente da importancia social e económica que o emprego desta empresa, maioritariamente feminino, ten para as comarcas do sur da provincia de Pontevedra?

3ª) Ten sometido a Xunta de Galicia a algún tipo de control específico os recursos públicos concedidos a esta empresa, a pesar dos problemas laborais e financeiros que presenta dende hai anos?

4ª) Que xestións ten feito o Goberno galego para cumprir o mandato do Parlamento de Galicia, aprobado por unanimidade, para cooperar na busca de solucións aos problemas económicos e laborais de *Maderas Iglesias S.A.*?



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/12/2017 13:20:05

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/12/2017 13:20:18

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a**

O pasado 1 de decembro a Autoridade Portuaria de Vilagarcía tomou a decisión de transmitir a concesión do centro deportivo Condesa Sport situado na rada Arousana á empresa Grupo Sanbrafit S.L., que é unha empresa de recente creación e moi vencellada a anterior concesionaria da instalación deportiva portuaria.

Esta decisión, ademais de semellar cando menos discutible en termos legais, pero sobre todo éticos, debería ser reformulada, xa que a actual situación é derivada das decisións políticas do PP no Concello e no Consello de Administración do Porto, que facilitaron a unha empresa “afín” a utilización privativa de dominio público para unha actividade que nada ten a ver coa actividade portuaria, ademais de incrementar os obstáculos para abrir Vilagarcía ao Mar.

Dende este grupo consideramos que a renuncia do anterior concesionario debería ter servido para recompoñer esta lamentable situación, de forma que se recuperase para o uso público ese entorno, ou en todo caso permitise unha utilización con prezos mais acaídos aos prezos do entorno evitando desta forma que se continúe a competencia desleal con outros proxectos empresarias desta índole.

A transmisión contempla a subrogación dos compromisos da anterior empresa, co que entendemos necesario que antes da transmisión da concesión, dende a



administración se tiveran interesado sobre o futuro dos traballadores e a situación ao respecto das débedas tributarias e coa Seguridade Social.

En Marea tamén se pregunta que interese tiña a administración portuaria en non abrir a posibilidade de transmisión a outras entidades interesadas, de tal forma que se optase pola mellor en termos económicos, sociais e laborais para a cidade e o porto.

Por todo o exposto, a deputada e deputado asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en **Comisión**:

- 1.^a) Que valoración fai a Xunta de Galicia desta transmisión de concesión administrativa pechada para outros operadores interesados?
- 2.^a) Cree a Xunta que se actúa conforme a lexislación con este proceso, que valoración fai do ingreso en materia de Canon que vai recibir o porto por esta actividade?
- 3.^a) Como é posible que non se teñan introducido novos criterios que garantan o futuro e viabilidade da explotación logo da experiencia co anterior concesionario?
- 4.^a) Ten realizado a administración público algúnha actividade tendente a garantir a solvencia da empresa que recibe a transmisión, xa que a mesma é de recente creación e con persoas relacionadas co anterior concesionario?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga



Juan José Merlo Lorenzo

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 28/12/2017 14:12:26

Juan José Merlo Lorenzo na data 28/12/2017 14:12:34

A Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Vispo-Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A participación da cidadanía na vida social e cultural consolídase cando as persoas e os grupos, dunha forma totalmente libre, altruísta e solidaria, actúan en procurar o benestar social e a mellora da calidade de vida da comunidade.

Crear máis oportunidades e con maior igualdade para os mozos e mozas obxectivo da Xunta de Galicia.

O voluntariado é esencial para a nosa sociedade, por elo, o Goberno galego aposta por el con diferentes programas e o Partido Popular de Galicia incluíu no seu programa electoral do ano 2016, co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos, o compromiso de fomentar a obtención do certificado de experiencia voluntaria como método de adquisición de competencias transversais altamente valorada polo tecido empresarial. É o momento de avaliar que ten feito o goberno para dar cumprimento a este compromiso.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que programas de voluntariado ten posto en marcha a Xunta de Galicia que permitan aos galegos e ás galegas obter o certificado de experiencia voluntaria como método de adquisición de competencias transversais?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 29/12/2017 10:22:26

Marta Rodríguez Arias na data 29/12/2017 10:22:36

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 29/12/2017 10:22:48

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2017 10:22:56

María Ángeles García Míguez na data 29/12/2017 10:23:02

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 29/12/2017 10:23:12

María Soraya Salorio Porral na data 29/12/2017 10:23:21

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2017 10:23:28

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/12/2017 10:23:36

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A Xunta de Galicia, a través da empresa pública XESTUR, ven de convocar un novo concurso de Solo Empresarial con bonificacións de entre o 30 % e o 50% do precio de venda cun total de 441 parcelas e máis de 1,4 millóns de metros de superficie. Un dos polígonos que gozan desta cualificación é o Polígono das Gándaras en Lugo.

Por outra banda, ademáis da compravenda das parcelas, a Xunta de Galicia, a través do IGVS e Xestur adxudican solo empresarial en dereito de superficie en donde as empresas adxudicatarias pagan un canon anual moi reducido.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

-Que balance fai a Xunta de Galicia das medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie no parque empresarial das Gándaras en Lugo?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 29/12/2017 12:15:38

Martín Fernández Prado na data 29/12/2017 12:15:49

Jacobo Moreira Ferro na data 29/12/2017 12:16:09

Marta Novoa Iglesias na data 29/12/2017 12:17:42

María Julia Rodríguez Barreira na data 29/12/2017 12:18:13



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2017 12:22
Nº Rexistro: 21913
Data envío: 29/12/2017 12:22:35.217**

Gonzalo Trenor López na data 29/12/2017 12:18:31

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 29/12/2017 12:18:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral en Comisión 2ª Ordenación territorial, Obras públicas e Medio Ambiente e Servicios.**

A Conselleira de Infraestructuras en vivenda na súa comparecencia no pleno do día 7 de febreiro facía mención as distintas actuacións levadas a cabo pola Conselleira así como a novos programas que se ían poñer en marcha en materia de vivenda e rehabilitación.

Falaba a Conselleira de que as actuacións tiñan un dobre obxectivo no que viñan traballado dende facía anos:

- Incrementar a calidade de vida dos galegos e das galegas.
- Contribuír ao progreso económico.

Dous eixes que guiaron a política da Consellería en anos pasados é unha política para as persoas e para o impulso da competitividade económica, dous piares que tamén serán o traballo do futuro.

No eido da vivenda poñerían o foco, nos programas dirixidos a facilitar o acceso a unha vivenda ás persoas e ás familias con máis dificultades. Cuns programas como o Bono Social, Programa Rehaluga, Rehabilitación parque de Vivendas Públicas. Etc.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte **Pregunta Oral en Comisión:**

- Que balance fai a Xunta de Galicia sobre as actuacións realizadas e axudas concedidas en materia de vivenda?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 29/12/2017 12:29:29

Martín Fernández Prado na data 29/12/2017 12:29:42

Jacobo Moreira Ferro na data 29/12/2017 12:30:03

Marta Novoa Iglesias na data 29/12/2017 12:31:39

María Julia Rodríguez Barreira na data 29/12/2017 12:31:57

Gonzalo Trenor López na data 29/12/2017 12:32:33

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 29/12/2017 12:32:43

Á Mesa do Parlamento

Soraya Salorio Porral, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Gonzalo Trenor López, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro no disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O pasado 11 de agosto de 2017, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, visitou a zona histórica de Betanzos para comprobar o inicio das obras dos tres edificios de uso residencial que a Xunta comezou a rehabilitar, situados na rúa Clérigos 13, e na rúa A Cerca 9 e 13, nos que se investirán arredor de 1,2 millón de euros.

Para poder levar a cabo estas actuacións foi necesaria a firma dun convenio a finais de 2010, entre o Concello de Betanzos e o IGVS, no que a Administración autonómica adquiría 9 edificacións no casco histórico co fin de levar a cabo a súa rehabilitación, nas rúas A Cerca, Clérigos, Cortaduría, Lanzós e Rúa Nova, ademais doutra na rúa A Cerca 9, que foi cedida gratuitamente.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte seguinte pregunta en Comisión:

-Que previsións ten a Xunta para a rehabilitación das vivendas propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo no casco vello de Betanzos?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

María Soraya Salorio Porral na data 29/12/2017 12:42:39

Jaime Castiñeira Broz na data 29/12/2017 12:42:50

Marta Novoa Iglesias na data 29/12/2017 12:43:00

Martín Fernández Prado na data 29/12/2017 12:43:18

[Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63](#)
[15701 Santiago de Compostela](#)
[T. 981 551 510 F. 981 551 422](#)
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Gonzalo Trenor López na data 29/12/2017 12:43:40

Diego Calvo Pouso na data 29/12/2017 12:43:49

Jacobo Moreira Ferro na data 29/12/2017 12:44:20

María Julia Rodríguez Barreira na data 29/12/2017 12:44:56

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 29/12/2017 12:45:12

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Jaime Castiñeiras Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Nos últimos dous anos, a Xunta de Galicia vén concedendo bonos de alugueiro social e adxudicando vivendas a familias necesitadas e en risco de exclusión social, no marco das medidas para loitar contra os desafiuzamentos.

O Programa Bono de Alugueiro Social é unha das doce medidas adoptadas pola Xunta para facer fronte aos desafiuzamentos e en defensa do dereito á vivenda e consiste en axudas mensuais de ata 200 euros para o pago de aluguer.

Asemade, este programa tamén contempla unha axuda única de 600 euros para afrontar os gastos derivados da formalización do novo contrato de arrendamento ou para o pago de débedas.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Que valoración fai a Xunta de Galicia do programa Bono Alugueiro Social desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 29/12/2017 12:51:59

Jaime Castiñeira Broz na data 29/12/2017 12:52:20

Martín Fernández Prado na data 29/12/2017 12:52:29

Jacobo Moreira Ferro na data 29/12/2017 12:52:56

Marta Novoa Iglesias na data 29/12/2017 12:53:23

María Julia Rodríguez Barreira na data 29/12/2017 12:53:42

Gonzalo Trenor López na data 29/12/2017 12:54:10

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 29/12/2017 12:54:21

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Antonio Mouriño Villar, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Na actualidade atópase en tramitación o Plan Estatal de vivenda 2018-2021 e segundo o seu borrador as liñas básicas serán as seguintes:

O impulso e mellora das axudas o alugueiro, o fomento do Parque de vivenda en alugueiro, axudas a persoas afectadas por desafiuzamentos, fomento da rehabilitación, eficiencia enerxética, rexeneración e renovación urbana, axudas para o acceso a vivenda e aos mozos, axudas a persoas mariores, así como a subsidiación dos préstamos concedidos ao abeiro dos plans de vivenda anteriores.

Este Plan de Vivenda, será desenvolvido nosa Comunidade autónoma, mediante o oportuno convenio co Ministerio de Fomento que o desenvolva.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

-Cales son as liñas do Plan de Vivenda que a Xunta levará a cabo en desenvolvemento do programa marco do Ministerio de Fomento?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 29/12/2017 13:16:42

Martín Fernández Prado na data 29/12/2017 13:16:56

Antonio Mouriño Villar na data 29/12/2017 13:17:49

Marta Novoa Iglesias na data 29/12/2017 13:18:34

María Julia Rodríguez Barreira na data 29/12/2017 13:18:57



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2017 13:24
Nº Rexistro: 21929
Data envío: 29/12/2017 13:24:30.706

Gonzalo Trenor López na data 29/12/2017 13:19:24

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 29/12/2017 13:19:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No BOE núm. 280 do 18 de novembro de 2017 publicouse resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se licita o contrato de servizos de vixilancia e seguridade nos edificios administrativos da Xunta de Galicia.

O valor estimado deste contrato ascende a 22.056.588,45 euros, sen división en lotes, e cun prazo de execución de 18 meses prorrogable. A data límite de presentación de ofertas rematou este pasado 26 de decembro actual. A apertura pública do sobre B (documentación relativa a criterios non avaliados automaticamente) está fixada para o próximo 5 de xaneiro de 2018.

Analizados os pregos de condicións desta licitación, representantes dos traballadores deste sector de actividade téñense dirixido ao órgano de contratación denunciando graves problemas de incumprimento de acordos sobre contratación pública con prácticas que non respectan acordos asinados entre as patronais e as centrais sindicais maioritarias no sector. Os prezos desta contratación non acadarían os mínimos de garantía da calidade do emprego dos traballadores e traballadoras que desenvolven as súas funcións nos edificios administrativos autonómicos, fomentando así as empresas “*low cost*” que non garanten o marco laboral necesario. Razóns polas que a representación sindical ten solicitada a suspensión cautelar desta licitación co obxecto de emendar estas preocupantes deficiencias.

Dado o elevado importe desta licitación, que afectaría ademais a preto de 180 traballadores do sector, e considerando outras importantes licitacións de servizos que a Consellería de Presidencia está a xestionar con diversas deficiencias que condicionan unha axeitada concorrència ao tempo que deterioran a calidade do emprego que xeran.



Grupo Parlamentario

Por iso os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que previsións ten o Goberno galego para corrixir as deficiencias detectadas nos prezos da actual licitación dos servizos de vixilancia e seguridade nos edificios administrativos autonómicos, e que non garanten a calidade dos postos de traballo afectados?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/12/2017 13:36:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/12/2017 13:36:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/12/2017 13:36:44

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/12/2017 13:36:51



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21938
Data envío: 29/12/2017 14:11:11.089

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, relativa ás condicións de accesibilidade no CEIP Emilia Pardo Bazán na cidade da Coruña.

A necesaria aplicación de novas e distintas leis que, desde o ámbito estatal e galego, requiren das instalacións públicas a adaptación a criterios de accesibilidade, e que serán de obrigado cumprimento nos vindeiros anos, debe contar coa suficiente planificación e preparación por parte da administración.

A aplicación destas novas leis é fundamental para garantir un acceso non excluín-te e universal a todos os edificios públicos e máis, se cabe, para os centros de ensino público. Xa que logo, corresponde ás administracións educativas asegurar un sistema educativo inclusivo en todos os niveis educativos e garantir un posto escolar ao alumnado con discapacidade, sexa temporal ou permanente, prestando atención á diversidade de necesidades educativas do alumnado con discapacidade, mediante a regulación de apoios e axustes razoables para a atención de quen precisen unha atención especial de aprendizaxe ou de inclusión.

Neste sentido, e coa perspectiva de adaptación aos criterios que se esixen na Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade e no Real decreto lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas con discapacidade e da súa inclusión social, cómpre realizar as actuacións necesarias para adaptar as instalacións do CEIP Emilia Pardo Bazán na cidade da Coruña, hoxe en día carente dunha accesibilidade universal para o conxunto do centro.

As instalacións do mesmo, divididas en dous planos, edificio educativo e pistas polideportivas, está comunicada mediante escaleiras, que impiden ás persoas con mobilidade reducida e con diversidade funcional o acceso ás zonas, polo que é necesario realizar obras necesarias para a súa adaptación.

Asemade, o acceso desde a entrada de vehículos (desde a travesía dos Rosais) comunica coa zona inferior, polo que calquera persoa con diversidade funcional non pode acceder a outras instalacións que non sexan as que se sitúan no devandito plano. Asemade, a rampla de acceso desde o aparcamento tampouco reúne as condición mínimas requiridas para poder ser empregada por persoas con algún tipo de discapacidade, cun desnivel moi superior ao máximo posíbel para se desenvolver individualmente sen axuda de terceiros.

Por último, tamén é obriga da Xunta de Galiza realizar todas aquelas obras e actuacións que, polas súas características e envergadura, signifiquen un investimento necesario e superior a aquelas obras de rango menor, de mantemento e conservación, que se puideran asumir por un Concello, algo que neste caso, e por tratarse dunha actuación integral e que afectaría a varias partes da estrutura do edificio, é evidente.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta as seguintes preguntas para resposta oral en comisión, relativas ás condicións de accesibilidade no CEIP Emilia Pardo Bazán na cidade da Coruña:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Coñece a Xunta de Galiza a situación descrita?

- Ten previsto a Xunta de Galiza realizar as obras de adaptación, facendo cumprimento do dereito ao acceso universal a todas as instalacións do recinto educativo?

- Para cando?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2017 11:22:17

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2017 11:22:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21938
Data envío: 29/12/2017 14:11:11.089

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2017 11:22:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2017 11:22:29

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2017 11:22:31

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2017 11:22:33



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, relativa ao peche das liñas de ESO do CPI Tomás de Lemos, as razóns da Xunta de Galiza para a súa decisión e as súas consecuencias.

O 22 de xuño de 2017 fíxose pública a decisión da Xunta de Galiza de que a Educación Secundaria Obrigatoria pasase a desaparecer do CPI Tomás de Lemos, que pasa a converterse nun CEIP, pasando a ser alumnado e profesorado asimilados polo IES do Ribeiro situado a algo máis dun quilómetro de distancia. Este feito desatou numerosas protestas, mobilizacións e peticións de rectificación tanto na comarca do Ribeiro, por parte da cidadanía, profesorado, alumnado e asociacións de pais e nais, como noutras moitas comarcas afectadas polas modificacións da Consellaría de Educación que, porén, non rectificou ningunha delas.

A propia xunta de persoal docente non universitario de Ourense (da que forman parte a CIG, STEG, CCOO, FETE-UGT e ANPE amosaba o seu rexeitamento e alertaba a finais de xuño de 2017 de que esta decisión tería consecuencias no plano laboral, xa que derivaría tanto na incerteza do profesorado arredor do seu destino vindeiro como na redución de postos de traballo, co consecuente incremento na ratio de alumnado e redución na calidade educativa.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Semanas despois, o 13 de xullo de 2017, coñecíase a oferta da Consellería de Educación de prazas definitivas para o profesorado do centro Tomás de Lemos no IES do Ribeiro a partir da reorganización unilateral por parte da Xunta de Galiza. Trátase dunha oferta de 10 prazas, 5 cubrirían prazas ocupadas no IES O Ribeiro por provisionais. Segundo denuncian fontes consultadas no IES O Ribeiro existe unha previsión de dúas xubilacións polo que cabe prever que do traslado de case 180 alumnos e alumnas dun centro a outro só se aumenta o profesorado en 3 persoas. Desta forma, os efectos do cambio das ensinanzas da ESO vai supoñer eliminar un total de 16 postos de traballo, 14 de secundaria e 2 do corpo de mestres e mestrás. Vista esta situación non resulta críbel a promesa do goberno galego de manter o número de grupos e o número de profesorado e recursos destinados á educación dos nenos e nenas da comarca do Ribeiro e parece confirmarse unha operación de desmantelamento do ensino público xa que con estas actuacións impedirase unha boa atención á diversidade e cabe agardar inmediata redución de oferta educativa.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta as seguintes preguntas para a súa resposta en comisión:

Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego para evitar a masificación e perda de calidade do ensino na comarca do Ribeiro?

Por que reduce o goberno galego os postos de traballo que sumaban o IES do Ribeiro e o CPI Tomás de Lemos con anterioridade a xullo de 2017?

Ten garantido o goberno galego a permanencia da oferta educativa e de optativas que había con anterioridade a xullo de 2017?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a ratio destes centros? E a do curso 2016-2017? Que valoración fai o goberno galego?

Como valora o goberno galego a xestión das consecuencias destas modificacións para o profesorado que estivo pendente do seu destino e futura labor docente? Considera que é acaída?

Ten garantido o goberno galego que se poidan atender as necesidade psicolóxicas e pedagóxicas derivadas destas modificacións para o alumnado que o precisar? De que forma?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21939
Data envío: 29/12/2017 14:11:24.535

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2017 11:25:29

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2017 11:25:31

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2017 11:25:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2017 11:25:36

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2017 11:25:38

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2017 11:25:40



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21940
Data envío: 29/12/2017 14:11:34.321

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, sobre o Castro ‘O Castelón’ de Castañoso no Concello da Fonsagrada.

No lugar de Castañoso no Concello da Fonsagrada localizáronse os restos arqueolóxicos dun castro ‘O Castelón de Castañoso’ que, se ben estaba documentado nunha guía Everest dos anos ‘70 escrita polos curas Enrique López Fernández e José Argul Folgueiras, nunca fora estudada.

Na súa descrición os relixiosos sinalaban a posíbel existencia de, polo menos, unha sauna castrexa alén doutras construcións.

En outono de 2015 o Museo da Fonsagrada impulsou unha primeira intervención arqueolóxica, financiada pola Dirección Xeral de Patrimonio (20.000€) co apoio do Concello, para descubrir e recuperar a sauna e a súa contorna.

Os traballos foron desenvolvidos pola empresa “Terra Arqueos” e estiveron dirixidos polo arqueólogo Luis Francisco López e o restaurador Miguel Ángel López Marcos.

A intervención arqueolóxica continuou en 2017 co apoio da Deputación de Lugo (45.000€), de acordo coa información difundida polo Museo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21940
Data envío: 29/12/2017 14:11:34.321

A sauna castrexa, en moi bo estado de conservación grazas ao uso agrario que mantivo durante longos períodos de tempo e ao difícil acceso á zona, constitúe un achazgo de importantísimo valor.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentario do BNG presenta as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Cal é o estado no que se atopan actualmente as escavacións no Castro de Castañoso, na Fonsagrada?

- Que achazos e que liñas de investigación se produciron durante as intervencións arqueolóxicas?

- Despois das análises de C-14, coñécese a datación dos restos?

- De quen é propiedade o predio no que se atopa o castro?

- De ser privado, existe algún convenio de cesión do mesmo? Durante canto tempo?

- Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza a respecto do castro quer no referido ao seu estudo, quer á conservación, posta en valor e divulgación?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21940
Data envío: 29/12/2017 14:11:34.321

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2017 11:27:53

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2017 11:27:56

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2017 11:27:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2017 11:28:01

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2017 11:28:03

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2017 11:28:05



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21941
Data envío: 29/12/2017 14:11:43.747

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro (Ares).

O mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro, situado no Concello de Ares na provincia de A Coruña foi fundado arredor de 1145 polo conde Pedro Osorio da casa dos Traba pasando posteriormente á casa dos Andrade.

Trátase dun edificio de grande valor histórico e artístico que se encontra nun lamentable estado por ser utilizado polo exército, trala Desamortización de Mendizábal, como acuartelamento de tropas e por teren sido feitas reformas nel sen xeito nin traza.

O conxunto foi declarado BIC, no BOE nº148 de 21 de xuño do ano 2000 e segundo a Lei de Patrimonio, as competencias corresponden á Xunta.

Tal é así, que no ano 2008 a Consellaría de Cultura redacta o Plan Director, que debería marca-la estratexia de actuación para recupera-la natureza debida e pasar a ser un ben público.

Malia existir un compromiso inicial de facer investimento (novas que falan de 1 millón de euros) o certo que co cambio de goberno a cousa quedou en nada.

Existe un acordo de cesión de uso por parte do Ministerio de Defensa que obriga ó concello de Ares ó mantemento dunhas instalacións que poden reverter neste Ministerio cando este as reclame, sen dereito a indemnización algunha para a institución municipal.

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG reclamamos dende hai tempo a constitución dun ente interadministrativo no que participen o Concello, a Xunta e a administración do Estado no que se definan as actuacións prioritarias a desenvolver partindo do Plan Director e os investimentos económicos necesarios e prazos para desenvolvelos, apostando por unha política de colaboración no mantemento do conxunto histórico-artístico en troques de manter unha situación como a actual, que fai recaer os custos do mantemento dun ben propiedade do Estado na veciñanza do concello”

Por todo o anteriormente exposto, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

Como pensa face-la Xunta de Galicia para poñer en marcha o Plan Director para o Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro e iniciar así a súa recuperación pública?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2017 11:41:41

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2017 11:41:44

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2017 11:41:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2017 11:41:49

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2017 11:41:51

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2017 11:41:53



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21942
Data envío: 29/12/2017 14:11:56.853

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O Castelo de Ameixenda é unha fortaleza levantada durante o reinado de Carlos III, no século XVIII.

Construído nunha península de 33.000 metros cadrados, sobre acantilados de 3,5 de alto, foi gardián da ría de Corcubión durante décadas.

A súa primeira pedra colocouse en 1740, e bautizárono «do Príncipe» na honra do futuro rei Carlos IV. A obra foi proxectada polo enxeñeiro Llovet e rematada por Carlos Lemauro.

O 17 de outubro de 1994, o Castelo do Príncipe era declarado Ben de Interese Cultural na categoría de monumento. Cinco anos despois, o 17 de novembro de 1999, o Bng de Cee presentaba unha moción destinada a que se cumprira a lei do patrimonio histórico-artístico con respecto ao Castelo do Príncipe.

Esta iniciativa facía referencia, entre outras cuestións, á obrigatoriedade dos propietarios de abrir o edificio ao público catro veces ao mes, e á obriga do Concello de protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural do citado castelo.

Non foi aquela a única ocasión na que o Bng se interesou polo asunto, mais nada cambiou desde a súa declaración, o Castelo segue pechado, o que claramente



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21942
Data envío: 29/12/2017 14:11:56.853

supón, a mais do incumprimento da devandita lei, a perda dun atractivo turístico no pobo importantísimo.

Hoxe por hoxe, tanto no que ten a ver co pobo de Cee como coa comarca, o turismo supón unha importante actividade económica, polo que perder ese atractivo é tamén perder unha fonte de ingresos nos locais de hostelería, restauración e ocio do pobo, que claramente se beneficiarían das visitas ó monumento.

O patrimonio histórico e cultural do noso concello está a ser esquecido e desaproveitado ano tras ano e goberno tras goberno.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que pensa facer a Xunta de Galicia co Castelo de Ameixenda, para que sexa posto a visita pública catro días ó mes tal e como se contempla na normativa BIC?

- Ten pensado tamén establecer unha liña de asesoramento co concello para que este poña en valor o citado monumento e a historia que o circunda para desfrute e beneficio de lugareños e turistas?

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21942
Data envío: 29/12/2017 14:11:56.853

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2017 14:02:53

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2017 14:02:56

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2017 14:02:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2017 14:03:00

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2017 14:03:02

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2017 14:03:04



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás actuacións que hai que levar a cabo para atender as demandas educativas dos colexios de Vilagarcía.

O Bloque Nacionalista Galego reuniuse coa Coordinadora de Nais e Pais dos Centros Educativos Públicos de Arousa, que agrupa ás ANPAS dos seguintes CEIPs: Escardia, Rosalía de Castro, Vilaxóan, Piñeiriño, Lomba, Rubiáns e Torre Illa. Desde a coordinadora foinos trasladado un completo dossier das necesidades que detectan en cada un dos centros e que se reproduce integramente a continuación:

“As nais e pais dos centros públicos detectamos neste curso 2016/2017, gravísimas carencias a nivel de infraestruturas e a nivel de dotacións de persoal, que repercuten negativamente no alumnado. Coa intención de conseguir que se subsanen estas deficiencias elaboramos a seguinte compilación:

Queremos concienciar da necesidade de dialogar coas familias e alumnos/as, as decisións que afecten aos centros, pois entendemos que é o xeito de coñecer e detectar carencias e demandas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21943
Data envío: 29/12/2017 14:12:08.491

En relación a tódolos centros públicos demandamos:

- *Dotar os centros d@s profesionais que precisan para atender ao alumnado con necesidades educativas de apoio específico.*
- *Reorganizar as rutas de transporte que afecten a alumn@s de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato; contando coas necesidades dos centros e das familias.*
- *Renovar as instalacións obsoletas (cañerías, alumeado...) e revisar se existe amianto ou outros materias prexudiciais para a saúde.*
- *En aras de mellorar a conciliación familiar, dotar de comedores escolares aos centros que o precisen e adaptar os horarios dos mesmos, e os de entrada e saída ás necesidades comúns das familias.*
- *Garantir que as aulas estean debidamente acondicionadas para o desenrolo das actividades educativas.*

En relación a cada centro público e de xeito específico:

C.E.I.P. A ESCARDIA.-

Debido ao incremento de rapaces con n.e.a.e., precisa:

1. Un/unha orientador/a a tempo completo e con praza definitiva, xa que nestes



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

momentos é compartido con outro centro e non dispón de praza definitiva, o que supón unha inestabilidade para o alumnado nesta área.

2. Os especialistas en PT e AL que fagan falla para atender correcta e eficazmente aos alumnos/as que o necesiten.

3. O desdobre do grupo de 3º de Primaria.

4. No tocante ás instalacións, unha solución para evitar as altas temperaturas que se dan nas aulas os días de calor.

C.E.I.P. ROSALÍA DE CASTRO (Carril).-

1. Solicitan unha liña de autobuses de retorno a casa que saia ás 14.15 hs, xa que actualmente o transporte escolar de regreso sae ás 15.15 hs, obrigando así aos rapaces e rapazas transportados a ter que quedarse obrigatoriamente no comedor escolar.

C.E.I.P. VILAXOÁN.-

Os rapaces e rapazas están dando clase a temperaturas por debaixo do que sería

desexable para o correcto desenvolvemento da actividade lectiva por causa de determinadas deficiencias detectadas no centro, polo cal pídese:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. A substitución das antigas ventás por outras que axuden a manter o illamento térmico.

2. A substitución da cuberta.

3. Reposición do falso teito, xa que hai pranchas que se veñen abaixo. As que se foron substituíndo foi con fondos económicos do colexio.

4. Substitución do depósito de gasóleo, que a pesar dos arranxos por parte do concello, segue perdendo unha parte importante de combustible.

C.E.I.P. O PIÑEIRIÑO.-

1. Solicita a implantación dun comedor escolar que comece a funcionar no inicio do curso 2017-2018. Estase á espera do visto bo da Xefatura Territorial ao respecto, unha vez que se fagan negociacións co Concello de Vilagarcía.

2. Desdobre da clase de 5º de Ed. Infantil actual (6º de Ed. Infantil no vindeiro curso 2017/18 ou, no seu defecto, dotación dun mestre de apoio a tempo completo exclusivamente para ela, tal e como se fixo este ano. Trátase dun grupo de 25 alumnos (ratio máxima permitida legalmente) con tres casos de nenos con n.e.a.e., o que fai moi complicada a labor diaria dunha soa docente para o adecuado desenrolo e avance da clase, o cal repercutiría negativamente na calidade da ensinanza recibida.

C.E.I.P. A LOMBA.-



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Debido á existencia de máis de cen casos de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, demandan máis mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, xa que na actualidade contan soamente con un de cada unha para os dous centros (C.E.I.P. A Lomba e Anexo A Lomba).

C.E.I.P. RUBIÁNS.-

Dende a Anpa Casanova do CEIP de Rubiáns consideramos que o os aspectos que se poderían mellorar son:

1. Conseguir un/unha profesor/a de AL a tempo completo para o noso colexio. Neste momento o actual profesor de AL compártese con outros centros. Esta tamén é unha reclamación que se leva facendo dende o Consello Escolar do colexio dende hai bastante tempo. Esta demanda polo de agora non foi atendida.

2. Conseguir un/unha Orientador/a definitivo/a para o noso colexio. Aínda que sexa compartido con Vilaxoán, e importante que sexa definitivo para que cando chegue non teña que poñerse ao día de cada vez. Esta demanda tamén se realizou dende o Consello Escolar. A día de hoxe non está atendida.

3. Ampliación do tempo de comedor, xa que consideramos que os actuais 45 minutos son escasos para poñer en práctica os hábitos de vida saudables antes de despois das comidas (lavarse as mans, cepillarse os dentes).

4. Adianto do horario de entrada no colexio as 9:30h. O actual horario de entrada 9:50h imposibilita que @s proxenitores/as que comecen a súa xornada laboral ás 9:00h poidan deixar no colexio ao seu fillo/a. Esta reclamación xa se leva facendo dende hai varios anos dende o Consello Escolar do centro. Notar que se adiantamos



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21943
Data envío: 29/12/2017 14:12:08.491

o horario tamén permitiría dispoñer de mais tempo para a actividade de comedor. Cuestión esta que dende a Anpa consideramos necesaria.

5. Mellora no acceso a Internet do centro. A actual conexión é deficiente o que dificulta extremadamente a realización de actividades que teñan que ver coa rede ou que aproveiten os recursos da mesma. Esta demanda foi realizada polo profesorado do centro e segue sen estar atendida.

6. E por último, a colocación de extintores no ximnasio novo.

C.E.I.P. TORRE-ILLA (Illa de Arousa).-

A nivel infraestruturas:

1. Colocación de portas antipánico en todas as saídas como manda a lexislación. Nestes intres hai catro saídas sen elas.

2. Unión do denominado pavillón de 5º co resto do colexio, para evitar desprazamentos polo patio para acudir ás aulas de música, inglés...ao igual que para poder usar o ascensor en caso necesario.

3. Pizarras dixitais para o alumnado de Infantil.

4. Porta de entrada con timbre-telefónico para evitar que estea aberta toda a mañá.

5. Dotar a Infantil dun timbre que soe á vez que o do resto do colexio, xa que non chega o son do timbre principal ao pavillón onde están, co perigo que conleva se por algún motivo houbese que evacuar a todo o centro.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. *Espazo para a ANPA, xa que non contan con ningún sitio propio para facer reunións ou gardar material.*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21953
Data envío: 29/12/2017 14:15:23.007

particular ou para a ubicación de pequenos e medianos negocios. Porén, é un camiño que non se pode percorrer a calquera prezo e que debe contar co máximo respecto para a conservación da xoia arquitectónica e patrimonial que é. Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego estamos profundamente alarmados pola situación descrita pola asociación arriba mencionada así como por outras informacións transmitidas pola veciñanza.

A zona afectada pola mala praxe de Gas Natural Fenosa, que parece ter optado pola destrución de pedra vella no lugar de proceder a métodos de actuación máis delicados de cara a conservar e restituír as mesmas, foi xa declarada como Conxunto Histórico Artístico o 12 de setembro de 1975. Tamén a área foi declarada como Área de Rehabilitación de Centro histórico o 9 de xaneiro de 1998 e nela sitúanse 2.520 vivendas obxecto de rehabilitación, o que é unha contradición co desleixo que está a haber sobre a contorna que rodea estas vivendas e as actuacións que van encamiñadas a mellorar a súa dotación.

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza que determinan que corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia, contemplando tamén a relación e colaboración dos Concellos. Neste caso, a xuízo do Bloque Nacionalista Galego está a haber un claro desleixo por parte das administracións implicadas, tanto da Xunta de Galiza como do propio Concello de Ourense e que urxe un cambio de actitude para que obras como a canalización do gas ou outras non repercutan negativamente neste espazo colectivo.

Por todas estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

Coñece o goberno galego a situación arriba descrita?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21953
Data envío: 29/12/2017 14:15:23.007

Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para evitar e corrixir danos ao casco vello ourensá por parte de empresas como Gas Natural Fenosa?

Considera o goberno galego que GNF está a actuar acorde á normativa vixente?

Considera o goberno galego que o Concello de Ourense está a colaborar coa protección do noso patrimonio de forma acorde á normativa vixente?

Está a fiscalizar a Xunta de Galiza este tipo de actuacións ao longo do territorio?

Ten establecido algún tipo de canle informativa ou protocolo de actuación coa Dirección Xeral de Minas?

Avaliaron neste caso o risco arqueolóxico?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21953
Data envío: 29/12/2017 14:15:23.007

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2017 13:47:33

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2017 13:47:35

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2017 13:47:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2017 13:47:40

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2017 13:47:42

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2017 13:47:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21954
Data envío: 29/12/2017 14:15:38.011

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as pinturas mural ao fresco situadas nas igrexas parroquiais de Labrada e dos Vilares, no Concello de Guitiriz, e as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a súa conservación.

Na igrexa parroquial dos Vilares, no Concello de Guitiriz, atópanse un conxunto de pinturas mural ao fresco enormemente deteriorados. En total son cinco pezas que recollen na parte esquerda da entrada, tres escenas dos evanxeos: a lamentación de Cristo Morto, a imposición da calulla a Santo Ildefonso e o Santiago Matamouros; xunto con outras dúas, localizadas na parte dereita da igrexa, que representan ornamentos xeométricos e un fragmento dunha escena de paisaxe.

Segundo o estudo realizado por Monterroso Montero datarían do século XVI, entre 1530 e 1540, e atribúenselle ao Mestre de Parga.

Tamén na igrexa da Labrada, no mesmo concello, foron atopados murais, desta volta de autoría descoñecida mais de data próxima aos dos Vilares.

Debido á falta de atención e mantemento, ás humidades e o paso do tempo, os frescos dos Vilares e Labrada atópanse moi deteriorados e en grave risco de desaparición. Así o sinalaron dous técnicos de restauración aos que a Asociación Sociocultural Lareira de soños lles pediu unha valoración profesional ao respecto.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ambos os dous profesionais coincidiron en sinalar que era precisa unha restauración integral de urxencia e non só a consolidación das pezas. Neste senso, malia os contactos que a entidade cultural mantivo con diversas institucións, non se ten acometido ningunha tarefa de consolidación nin restauración sobre os frescos o que agrava o seu estado actual.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Ten coñecemento o Goberno galego da situación na que se atopan o conxunto de pinturas mural ao fresco da igrexa dos Vilares e de Labrada en Guitiriz?

-Ten previsto desenvolver a Xunta de Galiza algunha actuación para frear o continuo deterioro destes frescos?

-De ser así, que medidas prevé adoptar?

-Contactou a Xunta de Galiza con algunha outra institución na procura de apoios e colaboración para acometer as actuacións necesarias?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21954
Data envío: 29/12/2017 14:15:38.011

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2017 13:49:29

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2017 13:49:33

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2017 13:49:35

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2017 13:49:37

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2017 13:49:39

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2017 13:49:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21955
Data envío: 29/12/2017 14:15:49.853

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a desaparición de Enxeñería Xeomática e Topografía no Campus Terra do novo mapa de titulacións.

En outubro de 2017 a Consellaría de Educación anunciou o novo mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego (SUG), unha remodelación que supón a incorporación de novos títulos e tamén a supresión doutros.

Entre as titulacións que desaparecen atópase a Enxeñería xeomática e topografía, impartida até o momento no Campus Terra de Lugo, unha titulación cuxa matrícula se reduciu notabelmente nos últimos anos polo que se viu obrigada, xunto con outras, a ser sometida a un Plan de viabilidade aprobado no curso 2015/2016.

Este plan, suxeito ao Decreto 222/2011 obrigaba, neste caso a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a adoptar unha serie de medidas encamiñadas a garantir o mantemento da matrícula evitando así a súa extinción.

Isto é:

1º) Compartir nos tres títulos un total de 60 créditos ECTS nos dous primeiros cursos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21955
Data envío: 29/12/2017 14:15:49.853

2º) Compartir, ademais, outros 30 créditos ECTS, tamén nos dous primeiros cursos, entre os títulos:

*Grao en Enxeñaría Civil e Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

*Grao en Enxeñaría Civil e Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía.

3º) Así mesmo, e aproveitando a formación común dos estudantes segundo o indicado nos parágrafos anteriores, ofertaríanse dúas dobres titulacións:

*Doble Grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría en Xeomática e Topografía.

*Doble Grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

As dobres titulacións propostas serían exclusivas do Campus de Lugo dentro do SUG, xa que non coexisten en ningún outro campus de Galicia os tres graos que as fundamentan.

4º) Ofertar un número máximo de 50 prazas en primeiro curso para cada unha das titulacións.

Porén, non se agardou a ver os resultados da súa implementación posto que desaparece xa do novo mapa.

«Pensamos que é unha pena que a un título único en Galicia que habilita para unha profesión, con un esforzo moi grande para poder poñelo en marcha, non se lle deixe finalizar o plan de viabilidade aprobado pola consellería», afirmou o decano da Escola Politécnica Superior de Lugo despois de coñecer a desaparición de Xeomática e Topografía.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21955
Data envío: 29/12/2017 14:15:49.853

Por todo o exposto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1. Por que a Consellaría de Educación non agardou a que finalizase o Plan de viabilidade aprobado para, entre outras, a titulación de Enxeñería Xeomática e Topografía?

2. Por que non se considerou esta titulación pola súa singularidade e mesmo interese socioeconómico, por exemplo, en relación ao polo industrial de Rozas?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 21955
Data envío: 29/12/2017 14:15:49.853

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2017 14:01:13

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2017 14:01:16

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2017 14:01:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2017 14:01:20

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2017 14:01:22

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2017 14:01:24

Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

O 20 de novembro de 2014 constituíse a Comisión asesora de publicidade non sexista no marco do Observatorio galego da violencia de xénero. Deuse así cumprimento ao Decreto 57/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

Esta Comisión Asesora creouse coa finalidade de eliminar o sexismo nas mensaxes publicitarias e incorporar nas actividades das entidades, asociacións e axentes publicitarios accións positivas que cooperen á devandita erradicación.

A Comisión, que depende do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, tamén atende as peticións de asesoramento que se remitan, facilitando criterios e alternativas co fin de evitar o sexismo na publicidade; serve de vía para canalizar e orientar as queixas que se reciban sobre publicidade sexista, de acordo co establecido na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e difunde a información obtida co fin de fomentar o rexeitamento.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Pregunta Oral en Comisión:**

-Cal é o balance dos traballos levados a cabo da Comisión Asesora de Publicidade Non sexista, dende a súa posta en marcha en novembro de 2014 ?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles García Míguez na data 29/12/2017 14:16:32

Paula Prado Del Río na data 29/12/2017 14:16:48

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/12/2017 14:17:31

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 29/12/2017 14:17:42

Marta Rodríguez Arias na data 29/12/2017 14:17:53

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 29/12/2017 14:18:11

María Soraya Salorio Porral na data 29/12/2017 14:19:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/12/2017 14:19:24

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**.

O IGE vén de publicar a denominada Estatística de Multilocalización Empresarial. Tal estatística trata de avaliar as características e de cuantificar a actividade en Galicia das empresas con sede noutras Comunidades Autónomas.

Os datos globais acadados indican que as empresas foráneas que manteñen actividade no sector industrial en Galicia no ano 2015, representaban o 34,1% do volume de negocio de tal sector.

No tocante ao emprego, estas empresas ocupan o 12,9% dos traballadores de empresas con actividade en Galicia.

Mais a través destas estatísticas, pódense observar outros datos máis específicos que poñen en evidencia as políticas económicas que segue a reforzar coas súas decisións a Xunta de Galicia en determinados sectores.

Deste xeito, a Estatística de Multilocalización Empresarial, amosa que no sector de industrias extractivas, enerxía, auga e residuos, as empresas foráneas representaban no ano 2015 o 82% do total do volume de negocio do sector, o 53% do total do emprego, e o 66% do investimento en activos materias. Polo tanto, mentres as empresas foráneas absorben a práctica totalidade dos beneficios xerados, o investimento e o emprego que producen está moi por debaixo do volume de negocio que manteñen.



Pero ademais hai que ter en conta que non é só que xeren menos emprego do que deberían xerar, senón que o emprego que representa este sector en Galicia con respecto ao total resulta ser moi baixo. O IGE indica que nestes tres sectores traballaban no terceiro trimestre do ano 2017 un total de 17.000 persoas, o que significa o 1,5% do total do número de ocupados en Galicia.

Así pois, estes datos poñen de manifesto que mentres que o territorio galego absorbe tódalas externalidades negativas promovidas polo sector de industrias extractivas, enerxía, auga e residuos; alto impacto medioambiental e social e baixa capacidade de emprego, a practica totalidade dos beneficios correspóndenlle a empresas foráneas.

Ante o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos proporcionados pola Estatística de Multilocalización Empresarial?
2. Como valora a Xunta de Galicia que o 82% do volume de negocio do sector de minería, enerxía, auga e residuos, se corresponda con empresas foráneas?
3. Como valora a Xunta que os beneficios económicos xerados neste sector, non teñan practicamente ningún impacto no territorio galego?
4. Cre o actual goberno de Galicia que a súa política neste sector xera algún impacto positivo na sociedade e no territorio?



5. Cre o actual goberno de Galicia que a súa política é válida para desenvolver un territorio?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Francisco Casal Vidal

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 02/01/2018 09:58:58

Francisco Casal Vidal na data 02/01/2018 09:59:02

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados e deputada, **Francisco Casal Vidal, Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando, Paula Quinteiro Araujo, Juan Merlo Lorenzo e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 6.^a, relativa ás practicas de Atalaya Mining, futura propietaria da mina San Rafael en Touro-O Pino.

A aposta polo espolio dos recursos naturais de Galicia que está a facer a Xunta, coa eliminación de calquera mecanismo de garantías medioambientais e participativas, na elaboración de proxectos de Megamineiría, como acontece co Proxecto de lei de iniciativas empresariais aprobado no Parlamento de Galicia, funciona como reclamo de numerosos proxectos que supoñen un enorme risco ambiental, neste caso a resurrección do aproveitamento do cobre na mina de “San Rafael” en Touro-O Pino.

O 25 de agosto o DOGA recollía a convocatoria de información pública sobre a actualización da explotación deste proxecto mineiro nos concello de Touro e o Pino, cando aínda están por resolver as gravísimas eivas na necesaria restauración derivada da oxidación dos sulfuros metálicos que están a provocar un desastre ambiental nas augas soterradas da comarca, desastre que con este proxecto lonxe de arranxarse veranse fortemente incrementado.

O proxecto tira para adiante, cas facilidades que lle ofrece a nova Lei de iniciativas empresariais, esquecendo solucionar desfeitas anteriores. A restauración destes puntos contaminados tería que ser unha esixencia incluída no



proxecto de restauración ambiental das novas minas: Se se retoma a explotación debería retomarse tamén a restauración.

Atalaya Mining, a empresa accionista de referencia e proximamente maioritaria, nestes momentos ten unha opción de compra, de Cobre San Rafael SL, foi sancionada en 2016, xa no primeiro ano de explotación, pola Junta de Andalucía (4 faltas graves) por incumprimento da autorización ambiental nas minas de cobre de Río Tinto (Huelva) e denunciada pola Fiscalía andaluza en 2017 polas mesmas causas. Ao parecer, producíronse excesos de partículas en suspensión polo transporte de entullos, as voaduras e a circulación de camións que non trataron axeitadamente consonte a autorización ambiental concedida no seu momento. Asemade, incumpríronse as normas de seguridade e os requisitos técnicos na construción das entulleiras, así como superáronse até dez veces os valores medios de cobre, zinc e arsénico nas poboacións próximas en relación con outros lugares non afectados pola actividade mineira.

Como consecuencia destas denuncias a Delegación de Economía, Innovación, Ciencia e Emprego de Huelva da Junta de Andalucía, como autoridade mineira competente, decretou a paralización temporal dos traballos de vertedura de lodos nas presas da Mina de Río Tinto. Esta medida foi adoptada tras constatar que non se está respectando o proxecto de explotación que no seu momento foi proposto pola propia empresa.

Ante estes antecedentes da compañía Atalaya Mining, **En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

1.- É coñecedora a Xunta de Galicia das prácticas de incumprimento reiterativo das normativas ambientais pola compañía Atalaya Mining noutras explotacións ao seu cargo?



2.- En función da traxectoria claramente atentatoria contra o medio ambiente en outras minas explotadas por Atalaya Mining, considera a Xunta de Galicia que é un posible adxudicatario recomendable e fiable para a mina de San Rafael?

3.- Vai exixir a Xunta de Galicia a restauración previa dos puntos xa contaminados para proceder á tramitación do cambio de titularidade dos dereitos mineiros de San Rafael?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 02/01/2018 10:29:49

Antón Sánchez García na data 02/01/2018 10:29:54

Marcos Cal Ogando na data 02/01/2018 10:30:01

Paula Quinteiro Araújo na data 02/01/2018 10:30:10

Juan José Merlo Lorenzo na data 02/01/2018 10:30:30

Luis Villares Naveira na data 02/01/2018 10:30:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na Comisión 6.^a, **relativa a ausencia do Instituto Enerxético de Galicia do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía da UE.**

Tras a adopción en 2008 do Paquete de medidas da UE sobre clima e enerxía ata 2020, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para apoiar os esforzos desenvolvidos polas autoridades locais na aplicación de políticas de transición enerxética cara a unha enerxía sustentable.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía agrupa a miles de autoridades locais e rexionais co compromiso voluntario de aplicar nos seus territorios os obxectivos climáticos e enerxéticos da UE.

Os novos asinantes prometen reducir as emisións de CO₂ en polo menos un 40 % de aquí a 2030 e adoptar un enfoque integral para abordar a atenuación do cambio climático e a adaptación a leste.

O Pacto dos Alcaldes é un movemento único desde a base que conseguiu mobilizar a un gran número de autoridades locais e rexionais para desenvolver plans de acción e orientar os investimentos cara á atenuación dos efectos do cambio climático.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a cal se convidaba ás cidades e vilas a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático. A finais de 2015,



ambas iniciativas fusionáronse no novo Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, mediante o cal se asumiron os obxectivos da UE para 2030.

A Comisión Europea e a Oficina do Pacto dos Alcaldes lanzaron no verán de 2015 un proceso de consultas auspiciado polo Comité das Rexións da Unión Europea a fin de solicitar as opinións dos interesados sobre o futuro do Pacto dos Alcaldes. A resposta foi unánime: o 97 % pediu un novo obxectivo que fóra máis aló de 2020 e o 80 % solicitou un obxectivo a máis longo prazo. Así mesmo, a maioría dos enquisados asumiu os obxectivos para 2030 de reducir en polo menos un 40 % as emisións de CO2 e gases de efecto invernadoiro, e apoiou a integración de estratexias de atenuación do cambio climático e adaptación a este dentro dun marco común.

Deuse respaldo aos tres alicerces deste pacto reforzado: a atenuación, a adaptación e a enerxía segura, sustentable e alcanzable.

Os asinantes apoian unha visión común para os obxectivos dos anos 2030 e 2050: acelerar a descarbonización dos seus territorios, fortalecer a súa capacidade de adaptación para os efectos inevitables do cambio climático e permitir aos seus cidadáns o acceso a fontes de enerxía seguras, sustentables e alcanzables.

A fin de traducir o seu compromiso político en medidas prácticas e proxectos, os asinantes do Pacto deberán preparar, en particular, un Inventario de Emisións de Referencia e unha Avaliación de Riscos e Vulnerabilidades derivados do Cambio Climático. Deste xeito, comprométense a presentar, no prazo de dous anos a partir da data en que a corporación municipal tome a decisión, un Plan de Acción para a Enerxía Sustentable e o Clima (PAESC) no que se resuman as accións crave que planean levar a cabo. A estratexia de adaptación deberá ser parte do PAES e/ou deberá desenvolverse e integrarse nun ou varios documentos



independentes de planificación. Este ineludible compromiso político marca o inicio dun longo proceso durante o cal as cidades deberán informar cada dous anos dos avances realizados.

Nos últimos anos adheríronse a este Pacto 1.814 concellos en toda España, dos cales 1.519 xa teñen redactados e presentados os seus Plans de Acción e 461 están xa en fase de monitorización despois da súa posta en marcha.

Todos estes plans municipais de transición enerxética foron posibles polo apoio decidido das respectivas Axencias ou Institutos de Enerxía dos seus gobernos autónomos correspondentes, dada as escasas posibilidades financeiras dos concellos para poder asumir este tipo de iniciativas.

As políticas de transición enerxética deben de ter accións macro como a descarbonización da produción de enerxía, pero tamén accións intermedias e mesmo microaccións múltiples. Aquí é onde a actuación nas contornas cidadás de todo tipo, xa sexan urbanas ou rurais en todos os impactos que producen, é imprescindible para reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro e mitigar o cambio climático

Unha vez revisada a web do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía da UE comprobamos que o Instituto Enerxético de Galicia non se atopa entre as entidades promotoras ou colaboradoras do citado Plan. Iso podería explicar o por que da escasísima presenza de concellos galegos que están a desenvolver plans de acción de transición enerxética.

Esta inacción ante un dos maiores problemas da humanidade e por extensión de Galicia, como vén demostrado polos terribles efectos sufridos nas últimas datas pola vaga de lumes e a terrible seca que estamos a sufrir, parécenos unha grave



irresponsabilidade do goberno.

Por todo o exposto, **En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- 1.- Cal é o motivo de que o Instituto Enerxético de Galicia non asinase o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía?
- 2.- Coñece o Instituto Enerxético de Galicia os concellos de Galicia que desenvolveron os seus Plans de Acción para a Enerxía Sustentable e o Clima?
- 3.- Colaborou con estes Concellos no desenvolvemento dos Plans?
- 4.- Pensa o Instituto Enerxético de Galicia reconsiderar a súa postura e asinar o Pacto?
- 5.- No seu caso ten previstas o Instituto Enerxético de Galicia dotacións orzamentarias para axudar aos Concellos de Galicia a asinar o Pacto e a desenvolver o compromiso de redacción e implementación dos seus Plans de Acción para a Enerxía Sustentable e o Clima?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 02/01/2018 10:23:03



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

1. A UE aprobou en 2013 a inclusión do Corredor Atlántico na Rede básica da RedeTransEuropea de Transportes (RTE-T). Esta infraestrutura considerada básica e prioritaria inclúe a conexión con Estrasburgo dos principais portos portugueses (Sines-Aveiro-Leixoes) através do eixo Valladolid-Bilbao.

Esta iniciativa, que favorecía o financiamento con fondos europeos do período 2014-2020, excluiu a conexión ferroviaria dos portos galegos, o chamado ramal ou corredor Noroeste do Corredor Atlántico. Unha exclusión que supón a perda de oportunidades e de competitividade para o transporte de mercadorías desde Galiza a Europa.

2. No ano 2018 está previsto aprobar as actuacións prioritarias para o período de investimentos 2021-2027, polo que é de vital importancia a inclusión do corredor ferroviario do Noroeste nas actuacións europeas declaradas prioritarias. Unha nova exclusión de Galiza tería un efecto demoledor para a nosa



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 10:42
Nº Rexistro: 21967
Data envío: 02/01/2018 10:42:24.783

economía e a súa integración nas redes de transporte de mercadorías por ferrocarril.

3. Nos últimos tempos producíronse numerosos pronunciamentos institucionais e acordos que apoian esta inclusión do corredor noroeste nas actuacións financiadas no período 2021-2027. Ademais do acordo do parlamento galego, hubo pronunciamentos neste sentido dos gobernos de Galiza, Castela-León e Asturias e asemade dunha ampla representación do tecido económico e social de Galiza.

4. Malia este amplo respaldo social e institucional, o pasado 16 de novembro trascendeu que o corredor noroeste non vai ser incluído no período de investimentos 2021-2027. Foi como consecuencia da xuntanza que mantivo o ministro de Fomento co coordinador do Corredor Atlántico da Rede Transeuropea de Transportes, o italiano Carlo Secchi. Segundo anunciou o ministerio de Fomento, a inclusión do ramal noroeste na rede básica (isto é prioritaria e con financiamento europeo) non se someterá a aprobación antes de 2023.

Trátase pois dun grave revés para as demandas galegas e unha mostra máis da falta de peso político do PP galego e do sr Feijoo.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que valoración fai a Xunta de Galiza da exclusión do corredor noroeste das previsións de investimento da UE para o período 2021-2027?

Que xestións fixo o goberno galego ante o ministerio de Fomento e a UE a favor da inclusión do corredor noroeste nesta rede básica?

Que xestións prevé realizar o goberno galego para que o goberno do Estado defensa con firmeza a inclusión de Galiza na Rede Básica da Rede Transeuropea de Transportes para o periodo 2021-2027?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 10:42
Nº Rexistro: 21967
Data envío: 02/01/2018 10:42:24.783

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2018 10:41:33

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2018 10:41:40

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2018 10:41:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2018 10:41:45

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2018 10:41:47

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2018 10:41:48



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A empresa portuguesa CUF, propietaria da fábrica de cloro de ELNOSA ubicada en terreos de dominio público marítimo terrestre en Lourizán, solicitou que a Xunta de Galicia tramite e aprobe un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para facilitar a permanencia da fábrica no actual emprazamento. A aprobación desta figura urbanística permitiría saltar a competencia municipal e a incompatibilidade da fábrica de ELNOSA co planeamento do concello de Pontevedra. Cómpre lembrar, ademais, que este procedemento debería ir acompañado da prórroga da concesión, que ten data de caducidade no ano 2018.

Trátase, en definitiva, de empregar a mesma folla de rota (proxecto sectorial e lexislación de costas a medida) aplicado para favorecer a permanencia de ENCE na ría até 2073. Isto é, adaptar a lei para favorecer os intereses de empresas amigas, regalándolles terreos de dominio público, e prexudicando o interese xeral, xa que se trata de industrias contaminantes e que teñen unha ubicación absolutamente irracional, contaminante, nociva e perigosa.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. En relación coa situación de ELNOSA, cómpre tamén lembrar que conta coa Autorización Ambiental Integrada (AAI) aprobada pola Xunta de Galicia en outubro de 2016 e que ten vixencia ata decembro de 2017. E que existe normativa europea, de aplicación obrigada, que impide a continuidade da empresa coa utilización de mercurio no proceso de fabricación de cloro máis alá desta data.

Co obxecto de saltar esta data de caducidade, a empresa solicitoulle á Xunta de Galiza a revisión da Autorización Ambiental Integrada (AAI) para legalizar o proceso de fabricación de cloro con tecnoloxía de membrana no actual emprazamento de Lourizán.

Cómpre sinalar a este respecto que o cambio tecnolóxico proposto suporá unha modificación significativa no consumo anual de auga nunha zona que está en alerta hidrolóxica, xa que vai pasar de 200.000 a 300.000 m³. Tamén se producirá un incremento moi importante na vertedura de augas residuais, que se incrementará nun 100%, pasando de dos 55.000 m³ actualmente autorizados a 100.000 m³ ao ano.

Estas mudanzas significativas das condicións da actual autorización ambiental fan necesaria a tramitación dun estudo de avaliación de impacto ambiental, tal como determina a Lei 21/2013 de avaliación ambiental.

Por outra parte, os cambios previstos van supoñer unha modificación substancial na actividade da fábrica, polo que semella obrigatoria a autorización urbanística do concello de Pontevedra.

3. Máis alá da aplicación da normativa europea que obriga a facer o cambio tecnolóxico antes de decembro de 2017, a realidade é que o complexo electroquímico está situado na contorna urbana de Pontevedra, nunha área densamente poboada e sobre terreos de dominio público marítimo terrestre. Razóns todas elas máis que suficientes



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 11:25
Nº Rexistro: 21972
Data envío: 02/01/2018 11:25:33.774

para denegar a continuidade da fábrica na actual ubicación, promover o seu traslado e recuperar para usos sociais os terreos de dominio público. O sentido común, o sentido da xustiza, o respecto ao medio ambiente e a propia normativa aprobada pola Xunta de Galiza (Directrices de Ordenación do Territorio e Plan de Ordenación do Litoral) son argumentos de peso para a non continuidade da fábrica nas marismas de Lourizán.

A este respecto cabe sinalar que a Consellaría de Medio Ambiente e a Sociedade Electroquímica do Noroeste asinaron o 30 de outubro de 2013 un protocolo de colaboración para o cesamento das actividades produtivas da referida empresa na zona marítimo-terrestre de Lourizán.

Este protocolo establecía, entre outros, os seguintes acordos:

a) O compromiso de ELNOSA a presentar á Xunta de Galiza, no prazo de dez meses desde a sinatura do protocolo, un estudo no que se propoñan, como mínimo, dúas localizacións para a súa industria de produción de cloro, alternativos ao actual de Lourizán, situados no territorio de Galiza, un deles polo menos na área de influencia de Pontevedra, considerándose esta ubicación como a preferente.

b) Con independencia de que finalmente se consiga ou non unha nova situación axeitada que conte coa aprobación da Xunta, dos concellos afectados e de ELNOSA, esta comprométese a iniciar o proceso para o cesamento ordenado e progresivo da súa actividade de produción na súa actual ubicación en Lourizán a partir do 31 de decembro de 2016. A produción de cloro líquido cesará efectivamente con data 31 de agosto de 2017, e a produción de ácido clorhídrico e hipoclorito sódico o día 31 de outubro de 2017.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Ten intención o goberno galego de cumprir e facer cumprir o protocolo asinado en 2013 pola Xunta de Galiza e a empresa ELNOSA que prevé o cesamento da actividade nos terreos de dominio público marítimo terrestre de Lourizán en 2017?

-Considera a Xunta de Galiza que cambiaron as condicións que xustificaron a sinatura daquel acordo?

-Considera o goberno galego que o novo proceso produtivo que pretende desenvolver a empresa e que modifica de forma substancial as condicións da Autorización Ambiental Integrada precisa de avaliación de impacto ambiental?

-Que compromisos asumiu o goberno galego nas reunións secretas que mantivo coa empresa nos anos 2016 e 2017?

-Prevé a Xunta de Galiza aprobar un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para legalizar a actividade nociva e perigosa de ELNOSA en Lourizán?

-Que posición mantén o goberno galego sobre a prórroga da concesión que caduca en 2018?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 11:25
Nº Rexistro: 21972
Data envío: 02/01/2018 11:25:33.774

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2018 11:24:24

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2018 11:24:29

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2018 11:24:31

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/01/2018 11:24:33

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2018 11:24:34

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2018 11:24:36



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O Goberno galego anunciou recentemente, através de Augas de Galicia, a intención de realizar un trasvasamento de auga do río Verdugo ao río Oitavén, co obxecto de subministrar auga ao encoro de Eiras, que abastece a Vigo e a 11 concellos máis do sur da provincia de Pontevedra.

O trasvasamento suporía retirarlle ao río Verdugo case a metade do caudal. Tería polo tanto un forte impacto nunha área protexida pola Rede Natura, con grande valor paisaxístico e influiría tamén negativamente na desembocadura do río e nos bancos marisqueiros e pesqueiros do fondo da ría de Vigo.

Asemade, cómpre sinalar que Augas de Galicia ten a intención de realizar esta obra pola vía de emerxencia, sen estudo de impacto ambiental e sen contar cos informes sectoriais e dos concellos afectados.

A citada actuación supón a instalación de 6,5 km de tubaxes desde a canle de Laforet en Ponte Caldelas até o lugar de Aranza en Soutomaior. Por moito que se axilicen os trámites e a propia execución do proxecto, a realidade é que non estaría rematada até os meses de marzo ou abril, cando poida que xa non estea xustificada a situación de emerxencia.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non parece aconsellábel, pois, actuar con présas e precipitación. Cómpre un estudo serio e rigoroso sobre diferentes alternativas e tamén a avaliación dos posíbeis impactos desta obra no ecosistema e nas actividades económicas da conca do río Verdugo e da enseada de San Simón.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que estudos de impacto realizou Augas de Galicia sobre o trasvasamento do río Verdugo ao encoro de Eiras?

-Considera o Goberno galego que está xustificada a urxencia e a emerxencia se a obra vai estar rematada en 3 ou 4 meses, cando pode estar superada a situación que a xustifica?

-Que alternativas estudou o Goberno galego para mellorar o abastecemento de auga desde a presa de Eiras?

-Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para facer fronte á situación de seca e aos problemas de abastecemento de auga nos concellos da demarcación hidrográfica Galiza Costa?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 11:27
Nº Rexistro: 21974
Data envío: 02/01/2018 11:27:19.436

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2018 11:26:26

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2018 11:26:30

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2018 11:26:32

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/01/2018 11:26:33

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2018 11:26:34

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2018 11:26:36



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

1. A Xunta de Galiza estalle alfombrando o camiño á empresa ELNOSA para seguir fabricando cloro na súa ubicación actual na parRouquia de Lourizán, en terreos de dominio público marítimo terrestre. O último paso nesta estratexia de consolidación na contorna de Pontevedra dunha actividade industrial considerada nociva e perigosa foi a aprobación, o pasado 11 de decembro, dunha nova Autorización Ambiental Integrada.

Séguese deste xeito un guión preestablecido, exactamente o mesmo que se utilizou con ENCE: unha vez adoptada a decisión política de favorecer a continuidade de empresas contaminantes en terreos de dominio público gañados ao mar, retórcese ou adáptase a lei a medida dos intereses de empresas privadas e en contra do interese xeral. E todo isto nun proceso falto de transparencia, con negociacións ocultas e contravindo anuncios, normas e compromisos anteriores da Xunta, contrarios á continuidade destas empresas no actual emprazamento.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Na tramitación da Autorización Ambiental Integrada a ELNOSA, o concello de Pontevedra presentou alegacións nas que facía constar a modificación substancial do proceso produtivo e as súas consecuencias especialmente no que ten que ver coa abastecemento de auga e vertido de efluentes líquidos. Segundo os informes dos técnicos do concello de Pontevedra, estas modificacións substanciais xustificaban a necesidade dun estudo de avaliación de impacto ambiental, tal como determina a Lei 21/2013 de avaliación ambiental.

Cómpre sinalar a este respecto que o cambio tecnolóxico proposto suporá unha modificación significativa no consumo anual de auga nunha zona que está en alerta hidrolóxica, xa que vai pasar de 200.000 a 300.000 m³. Tamén se producirá un incremento moi importante na vertedura de augas residuais, que se incrementará nun 100%, pasando de dos 55.000 m³ actualmente autorizados a 100.000 m³ ao ano.

3. Por outra parte, descoñécese que figura de planeamento vai utilizar a empresa para amparar as obras que é preciso realizar. E neste sentido, é do máximo interese saber se a Xunta de Galiza ten previsto aprobar un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal que lle dea cobertura legal ás actuacións previstas.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 11:30
Nº Rexistro: 21976
Data envío: 02/01/2018 11:30:36.178

-Que sistema de abastecemento de auga utiliza a empresa ELNOSA?

-Onde capta a auga para abastecer a factoria e con que autorización conta para facelo?

-Como valora o Goberno galego o incremento previsto de consumo de auga por ELNOSA nun contexto de alerta por seca e de dificultades de abastecemento á poboación?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

